


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LATÍN

**IES MARCO DO CABBALLÓN
CURSO 2022-23**

Docente: Nonito Rodríguez Iglesias

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
1.1. Introdución.....	5
1.1.1 Latín na ESO.....	5
1.1.2 Latín no Bacharelato.....	7
1.2. Contexto do IES e características do alumnado.....	7
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	8
ESO	
2.1. Perfil competencial do Latín.....	8
2.2. Rúbricas para avaliar as competencias en Latín.....	10
BACHARELATO	
2.3. Perfil competencial de Latín II.....	19
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS/CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA CADA CURSO.....	22
3.1. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	22
3.1.1. No Latín de 4º de ESO.....	23
3.2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO.....	24
3.2.1. No Latín II.....	26
4. TEMPORALIZACIÓN E PESO DOS BLOQUES NAS AVALIACIÓNS.....	27
4.1. Latín 4º de ESO.....	27
4.2. Latín II.....	29
5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	31
5.1. LATÍN 4º ESO.....	31
5.2. BACHARELATO.....	36
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	37
6.1. ESO.....	37
6.1.1. Aspectos xerais.....	37
6.1.2. Medidas concretas.....	39
6.2. BACHARELATO.....	40
6.2.1. Aspectos xerais.....	40
6.2.2. Medidas concretas.....	42
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	44
7.1. LATÍN 4ª ESO.....	44
7.2. BACHARELATO.....	45
8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	45
8.1. LATÍN 4ª ESO.....	45
8.2. LATÍN II.....	47
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	49
10. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	53
11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	53
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	55
13. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR.....	55
14. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN TIC.....	56
15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	57
16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.....	59
16.1. Indicadores de logro do proceso de ensino.....	59
16.2. Indicadores de logro da práctica docente.....	59
17. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	60
17.1. Mecanismo de revisión.....	60
18. DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	62
ANEXO: MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	63



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Introducción.

A modificación realizada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), establece unha nova organización da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En desenvolvemento normativo posterior, o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, estableceu o currículo básico da educación das etapas de secundaria obrigatoria e do bacharelato. No calendario de implantación derivado do novo marco normativo establécese que no curso escolar 2015/16 se implantaban as modificacións no currículo, a organización, os obxectivos, os requisitos para a obtención de certificados e títulos, os programas, a promoción e as avaliacións de educación secundaria obrigatoria para os cursos primeiro e terceiro.

Así seguimos o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia para as programacións didácticas das materias; a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21) e a Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29), así como a recente instrución do 17 de xuño de 2021 pola que se dictan instrucións para o desenrolo dos devanditos ensinos e a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

O Ensino Secundario Obrigatorio foi deseñado para un ciclo formativo amplo de catro anos, que debe estruturarse como un ensino básico que forme individuos tolerantes e respectuosos cara á diversidade; que adquiran os coñecementos imprescindibles que lles permitan interpretar axeitadamente o medio que os rodea, social e natural, de modo que logo eles poidan seguir desenvolvendo a súa formación dunha forma autónoma.

Neste panorama enmárcase a inclusión da Cultura Clásica como materia optativa no Segundo Ciclo da ESO e o Latín de 4º como unha materia do bloque de materias troncais.

1.1.1. Latín na ESO

Esta é unha materia do bloque de materias troncais.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos

morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en bloques que, con lixeiros matices, se repiten en todos os cursos.

Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances e ten un trato lixeiramente diferente para os cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, e o curso de segundo de bacharelato. Os contidos dos dous primeiros cursos comezan coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, e xa para os tres cursos, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.

O seguinte bloque, deseñado só para latín de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia.

Os dous bloques seguintes, comúns aos tres cursos, tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

Nos cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato dedicouse un bloque ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as

literarias.

O estudo máis en profundidade destas últimas resérvase para o curso de segundo de bacharelato, que conta cun bloque específico para a literatura latina, no que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, aprofundando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

Se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para aprofundar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, nos tres cursos dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina.

Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

1.1.2. Latín no Bacharelato

O LATÍN I na LOMCE preséntase como materia troncal xeral do itinerario de Humanidades na modalidade de Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, aínda que tamén poderá ser elixida como unha materia non cursada polo alumno ou a alumna, que será considerada específica para todos os efectos na modalidade de Bacharelato de Ciencias Sociais. Nos dous casos ten continuidade na materia de LATÍN II en 2º de Bacharelato.

Tarefa fundamental na formación do individuo é aportarlle os mecanismos para poder analizar e valorar criticamente o mundo contemporáneo en toda a súa complexidade, ser consciente do seu herdo cultural, máis no momento actual, no que o progreso científico e tecnolóxico están tan presentes na vida cotiá, que se podería acochar a importancia dos valores humanistas.

As nosas raíces lingüísticas e socio-culturais son basicamente clásicas. Non se trata dunha contemplación estática do pasado, senón da análise das fontes e a pervivencia dese pasado ata o mundo de arestora.

O estudio do Latín, na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, e ó través da coordinación interdisciplinar con materias coma a Lingua Española, a Lingua Galega, a Xeografía e Historia, leva á consecución das tres grandes finalidades do Bacharelato: formativa, propedéutica e orientadora.

1.3. Contexto do IES e características do alumnado.

O IES “Marco do Camballón” está situado no núcleo urbano de Vila de Cruces, pero a súa

contorna é eminentemente rural e dun nivel socioeconómico medio-baixo. Neste centro impártense ensinanzas de ESO, bacharelato, un CM de Soldadura e Caldeirería, un CM de Atención a Persoas Dependentes e Formación Profesional Básica. No que atinxe aos usos lingüísticos, a maioría do alumnado é galegofalante habitual.

O departamento de Latín durante o curso 2022/23 estará constituído por un único membro, o docente Nonito Rodríguez Iglesias, con destino definitivo e xefe do Departamento, que impartirá as seguintes materias:

Materia	Curso	Horas	Grupos
Latín	4º ESO	3	1
Latín I	1º BACHARELATO	4	1
Latín II	2º BACHARELATO	4	1
Grego I	1º BACHARELATO	4	1
		15	

Complétase horario con gardas de aula, xefatura de Departamento e como coordinador de materias pendentes.

É de salientar o elevado número de alumnos que cursan a materia de Latín en 4º ESO, un total de vinte e catro.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

ESO

2.1. Perfil competencial do LATÍN

Peso de cada competencia segundo o currículo:

	ESTÁNDARES	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
LATÍN 4º ESO	50	38 31,93%	10 8,40%	16 13,44%	26 21,84%	12 10,08%	5 4,20%	12 10,08%	119

Peso que da o Departamento de Latín a cada competencia:

	ESTÁNDARES	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
LATÍN 4º ESO	50	40%	4%	10%	22%	10%	4%	10%	100

- Estándares de aprendizaxe e competencias clave que se traballan no Latín de 4º de ESO:

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCEC • CAA • CD • CSC
LAB1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CMCCT
LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa , diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CD
LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA

romances , e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> • CD
LAB1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LAB1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCEC
LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD
LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. (EO)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes , sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables , explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conjugación.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL
LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados , identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. (EE)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina , e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. (EE)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCA • CCL
LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncialas das oracións simples.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CCL
LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e análízaas e tradúceas correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. (CSC/CSIEE-TG) (CD)	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE • CD
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. (CSC/CSIEE-TG)	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCEC • CSC
LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. (CD) (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CMCCT

LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. (CSC/CSIEE-TG)	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CCL
LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC • CCL
LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. (CSC/CSIEE-TG)	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC • CCEC • CCL
LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CCL
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL • CD
LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCEC • CD
LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. (CSC/CSIEE-TG) (CD)	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCEC • CSC • CCL • CSIEE • CCL • CAA
LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. (CSC/CSIEE-TG) (CCEC) (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE • CCL • CMCCT • CCEC
LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. (EE) (CE) (CA)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. (CE) (CO)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL
LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. (CE) (CO)	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD • CCL
LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. (EE)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. (EO)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. (CE) (CO)	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. (CE) (CO) (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA
LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua. (EO) (CD) (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSC • CCEC • CCL

Os estándares en negra consideráanse os mínimos esixibles para aprobar a materia.

2.2. Rúbricas para avaliar as competencias en Latín

LATÍN: RÚBRICA EXPRESIÓN ESCRITA (REDACCIÓN EN CASTELÁN/GALEGO) LA- ESO-CL-EE						
NOME DO ALUMNO:						GRUPO:
Indicadores	NOTA	EXCELENTE	BEN	BAIXO/REGULAR	INSUFICIENTE	ESTÁNDARES A AVALIAR
		3	2	1	0	

1) PRESENTACIÓN		Presenta o texto con limpeza, sen borróns e con marxes, interliñado e horizontalidade das liñas axeitado. A letra é clara. Non ten máis de dúas faltas de ortografía*. Incorre nun máximo de 5 erros nun ou máis aspectos.	Algún aspecto da letra, dos marxes, do interliñado ou a proporción/horizontalidade das liñas é mellorable. Ten algúns borróns. Hai tres ou catro faltas de ortografía*. Incorre nun máximo de 8 erros nun ou máis aspectos.	A letra é pouco clara, a impresión xeral é de pouca limpeza. Non ten marxes axeitados e ten borróns. O interliñado non é proporcionado ou as liñas están tortas. Hai máis de cinco faltas de ortografía*. Incorre nun máximo de 10 erros nun ou máis aspectos.	Tipo e tamaño de letra pouco lexible, marxes, interliñado, horizontalidade das liñas son inadecuados. Hai moitas (máis de 10) faltas de ortografía*. Incorre en máis de 10 erros nun ou máis aspectos.	
2) ADECUACIÓN		O texto ten toda a información relevante solicitada. Da información pertinente sen repeticións nin datos irrelevantes. Os datos son correctos. Incorre en máis de 3 erros nun ou máis aspectos.	Faltan algúns datos non fundamentais da información solicitada. Os datos teñen algún erro non significativo, de xeito que amosan a comprensión global do tema. Incorre nun máximo de 5 erros.	Faltan datos na información solicitada ou ben hai erros que poñen en cuestión que o alumno comprenda o sentido xeral do tema proposto. Hai datos non pertinentes ou incorrectos. Incorre nun máximo de 7 erros nun ou máis aspectos.	Falta a información relevante solicitada, mentres que hai datos irrelevantes, repeticións ou datos fundamentais incorrectos. Redacta dando información sobre outro tema non solicitado. Incorre en máis de 7 erros nun ou máis aspectos.	
3) COHESIÓN		Utiliza vocabulario técnico con precisión. Utiliza sinónimos e pronomes para evitar repeticións. Emprega enlaces gramaticais adecuadamente así como os signos de puntuación. Incorre nun máximo de 2 erros nun ou máis aspectos.	Ten erros nalgúns termos técnicos necesarios para desenvolver a información. Hai algunha repeticións innecesaria. Faltan algúns nexos ou signos de puntuación que dean fluidez e cohesión ao texto. Incorre nun máximo de 3 erros nun ou máis aspectos.	Non utiliza o vocabulario técnico preciso, aínda que usa adecuadamente sinónimos para que se entenda. Hai un exceso de parataxe ou mal uso dos nexos ou signos de puntuación. As frases son demasiado longas. Hai repeticións innecesarias. Incorre nun máximo de 7 erros nun ou máis aspectos.	Non utiliza o vocabulario técnico nin busca sinónimos. Non hai subordinación ou está mal utilizada. As frases son excesivamente breves ou longas, cun mal uso dos signos de puntuación e dos nexos. Incorre en máis de 7 erros nun ou máis aspectos.	4.2.2. 4.3.1. 6.1.1. 6.5.1.
4) COHERENCIA		O texto está ben estruturado, repartindo as ideas ou argumentos por parágrafos, cunha pequena introdución e conclusión. As ideas son comprensibles e completas. O sentido xeral é claro. Máximo de 2 erros.	O texto está estruturado repartindo as ideas en parágrafos pero non ten conclusión nin introdución. Hai algunha idea incompleta aínda que o sentido xeral está claro. Máximo de 3 erros nun ou máis aspectos.	A repartición en parágrafos non se adecúa a estruturación das ideas ou dos argumentos. Non hai introdución nin conclusión. Algunhas ideas non son claras ou están incompletas. Máximo de 7 erros nun ou máis aspectos.	Non hai secuenciación das ideas en parágrafos, nin introdución e conclusión en dous parágrafos distintos. As ideas non son claras e están incompletas. Máis de 7 erros nun ou máis aspectos.	
TOTAL SOBRE 12		* tres erros na acentuación consideraranse unha falta. Tamén son faltas o uso de minúsculas en nomes propios ou despois dun punto. Os títulos das obras literarias que non estean suliñados tamén serán unha falta.				
TOTAL SOBRE 10						

LATÍN: RÚBRICA EXPRESIÓN ORAL. LA - ESO -CL -EO

NOME DO ALUMNO: _____

GRUPO: _____

Indicadores	NOTA	EXCELENTE 3	BEN 2	BAIXO/REGULAR 1	INSUFICIENTE 0	ESTÁNDARES A AVA- LIAR
1) INVENTIO		-De forma habitual elabora nas súas exposicións un guión previo. -Expón as súas ideas de forma ordenada, coherente e clara, distinguindo o relevante do accesorio. -Non divaga nin se perde en detalles superfluos.	-Algunha vez non elabora nas súas exposicións un guión previo. Aínda que expresa as súas ideas de forma coherente e clara, pode incorrer en certa desorde. -Distingue o relevante do accesorio pero pode faltar algún concepto na exposición. -Non adoita divagar nin perderse en detalles superfluos.	Incorre nun máximo de 5 erros nun ou máis apartados: -Con frecuencia non elabora nas súas exposicións un guión previo. -Ten fallos de coherencia e cohesión do discurso. -Distingue o relevante pero non se decata das ideas secundarias. -Case sempre se perde en divagacións e detalles superfluos.	Incorre en máis de 5 erros nun ou máis apartados: -Non elabora nas súas exposicións un guión previo. -Non é capaz de expresar case nunca as súas ideas de forma ordenada, coherente e clara. -Rara vez é capaz de distinguir o relevante do accesorio. -Pérdese en detalles superfluos.	<p>Para avaliar a COMPRESIÓN ORAL E/OU ESCRITA nas dúas materias deseñáranse polo Departamento probas co formato de preguntas pechadas do seguinte xeito:</p> <p>Respostas tipo verdadeiro/falso ou de elección múltiple a cuestións tratadas na explicación ou texto oral traballado.</p> <p>Ordenación de parágrafos en función da secuencia na que deberían ir para que teña sentido o texto, presentando unha serie de parágrafos desordenados que o alumnado ten que ordenar para que o texto estea cronoloxicamente correcto, ou simplemente para que teña sentido.</p> <p>Inserir a palabra axeitada nos ocios que aparecen nun texto. As posibles palabras ofrécese ou non ao alumnado e este debe colocalas de forma que o texto teña sentido.</p> <p>Relacionar columnas ou completar un texto cunha frase (escollida entre varias) no lugar que lle corresponde. ESTÁNDARES CE: 6.1.1./6.2.1./6.4.2./7.1.1./7.1.2. CO: 6.2.1./6.4.2./7.1.1./7.1.2.</p> <p>Este tipo de probas poderá aplicarse a actividades diversas, textos e distintos instrumentos de avaliación relacionados cos diferentes estándares. ESTÁNDARES EO: 2.3.1./6.6.1./7.4.1.</p>
2) ELOCUTIO		-Exprésase con fluidez e axilidade, con naturalidade e sen afectación. -Articula loxicamente o seu discurso utilizando os marcadores e nexos adecuados. -Non comete incorreccións gramaticais graves (anacolutos, dequeísmo, discordancia)	Incorre nun máximo de 5 erros nun ou máis apartados: - A súa expresión é fluída xeralmente. Rara vez cae na afectación. -Articula loxicamente o seu discurso pero comete erros en nexos e marcadores textuais. -Rara vez comete unha incorrección gramatical grave (anacoluto,...)	Incorre nun máximo de 7 erros nun ou máis apartados: -A súa expresión é lenta habitualmente e non resulta natural. -Ten erros de articulación fónica do discurso e na utilización de nexos e marcadores textuais. -Algunha vez comete incorreccións gramaticais graves.	Incorre en máis de 7 erros nun ou máis apartados: -Carece de fluidez expresiva e a súa expresión é lenta e afectada. -Incoherencias na articulación do discurso e erros en nexos e marcadores textuais. -Comete con frecuencia incorreccións gramaticais graves.	
3) MEMORIA		-De forma habitual utiliza un léxico variado, preciso, adecuado ao seu discurso e á situación e á intención comunicativa. -Non emprega palabras comodín e/ou retrousos. -Non incorre en contradicións e imprecisións terminolóxicas. -Non é reiterativo de forma innecesaria e manexa a linguaxe específica.	Incorre nun máximo de 5 erros nun apartado: -Xeralmente utiliza un léxico variado, preciso pero comete erros de adecuación á situación comunicativa. -Non emprega palabras comodín e/ou retrousos aínda que incorre en algunhas imprecisións terminolóxicas. -Non é reiterativo e usa correctamente a linguaxe específica.	Incorre nun máximo de 7 erros nun ou máis apartados: -O seu léxico adocece de falta de precisión e resulta reiterativo. -Non adecúa totalmente o seu discurso nin á situación nin á intención comunicativa. -Recorre a palabras comodín e/ou algún retrouso. -Incorre en certas contradicións e imprecisións terminolóxicas e non manexa de forma habitual a linguaxe específica.	Incorre en máis de 7 erros nun ou máis apartados: -Non utiliza un léxico variado nin preciso. -Non adecúa o seu discurso nin á situación nin á intención comunicativa. -Emprega constantemente palabras comodín e/ou retrousos. -Case sempre incorre en contradicións e imprecisións terminolóxicas e non manexa a linguaxe específica.	
4) ACTIO		Recoñece a importancia expresiva dos aspectos prosódicos nas súas exposicións (entoación, timbre, ton e volume). -Puntúa correctamente o seu discurso coas pausas e silencios adecuados. -Fala co volume e o ton adecuados á situación comunicativa. -Recalca os conceptos fundamentais mediante a mirada, o volume, o tono de voz e a énfase. -Manexa con soltura a linguaxe mímico-xestual (xestos, miradas, postura, ademáns) - Amósase relaxado e/ou distendido.	Recoñece a importancia expresiva dos aspectos prosódicos nas súas exposicións (entoación, timbre, ton e volume) pero non sempre puntúa correctamente o seu discurso coas pausas e silencios adecuados. -Ás veces non enfatiza dando para recalcar os conceptos fundamentais e non chega a manexar con soltura o código non verbal. -Soe estar relaxado e/ou distendido nas exposicións.	Recoñece parcialmente a importancia expresiva dos aspectos prosódicos nas súas exposicións (entoación, timbre, ton e volume) -Puntúa rara vez o seu discurso coas pausas e silencios adecuados. -Rara vez é capaz de adecuar o volume e o ton á situación comunicativa. - Case nunca recalca os conceptos fundamentais mediante a mirada, o volume, o ton de voz e a énfase. -Non manexa a linguaxe mímico-xestual (xestos, miradas, postura, ademáns) - Amósase nervioso cando fala.	Non recoñece a importancia expresiva dos aspectos prosódicos nas súas exposicións (entoación, timbre, ton e volume) -Non é capaz de puntuar correctamente o seu discurso coas pausas e silencios adecuados. -Non manexa nin os aspectos prosódicos nin a linguaxe mímico-xestual (xestos, miradas, postura, ademáns) como recursos expresivos nas súas exposicións -Amósase ou pasivo/a cando fala.	
		TOTAL SOBRE 12				
		TOTAL SOBRE 10				

LATÍN RÚBRICA APRENDER A APRENDER. LA-ESO-CAA

NOME DO ALUMNO: _____

GRUPO: _____

Indicadores	NOTA	EXCELENTE 3	BEN 2	BAIXO/REGULAR 1	INSUFICIENTE 0	ESTÁNDARES A AVALIAR
1) SELECCIONAR, ESQUEMATIZAR E ORGANIZAR A INFORMACIÓN		Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica e relaciónaa con outros apartados. Dálle forma ao esquema, reconece os contidos básicos e organizaos e xerarquízaos de forma axeitada.	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica pero non a relaciona con outros apartados. Organiza e xerarquiza con bastante corrección pero omitindo algún dato.	Discrimina información útil, pero non a traballa criticamente. Parte da información non está ben organizada e xerarquizada e omite algún dato.	Copia literalmente a información sen traballar na súa selección. Ten dificultades para organizar e xerarquizar a información.	6.1.1. 6.3.1. 7.1.2.
2) APLICAR COÑECEMENTOS E DESTREZAS PREVIOS		Aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.	Adoita aplicar coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.	Ás veces aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.	Apenas aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.	
3) XESTIONAR O TEMPO E ADMINISTRAR O ESFORZO		Planifica e organiza as súas actividades a curto, medio e longo prazo. Prioriza as actividades segundo a súa importancia e o esforzo que lle requiren, e avalía o seu plan de xestión do tempo para posibles modificacións e melloras.	Planifica e organiza as tarefas pero en ocasións non xestiona ben o tempo necesario para cada unha. Prioriza a importancia das actividades pero ás veces non administra axeitadamente o esforzo que lle supón cada unha e non sempre é quen de modificar a súa planificación.	Planifica e organiza as actividades ocasionalmente, e só ás veces axusta o tempo á realización das tarefas. Realiza só actividades urxentes.	Non planifica nin organiza as actividades e non axusta o tempo á súa realización. Limitase a realizar actividades que non lle requiren esforzo.	
4) AVALIAR O TRABALLO PROPIO E ALLEO		Avalía criticamente o traballo propio e alleo, argumentando, aportando opinións persoais e analizando fortalezas e deficiencias do mesmo.	Avalía criticamente o traballo propio e alleo mais ás veces non reconece erros relacionados coa redacción deficiente, pobreza léxica, coherencia, argumentacións...	Avalía o traballo propio e alleo a través de xuízos simples, con algunha opinión persoal, sen aportar explicacións convincentes.	Non é quen de avaliar o traballo propio nin o alleo. Aмосa desinterese e carece de argumentos.	
		TOTAL SOBRE 12				
		TOTAL SOBRE 10				

LATÍN: RÚBRICA TRABALLO EN GRUPO. LA-ESO- CSIEE/CSC* -TG

		NOME DO ALUMNO: _____			GRUPO: _____	
Indicadores	NOTA	INSUFICIENTE 0	BAIXO/REGULAR 1	BEN 2	EXCELENTE 3	ESTÁNDARES A AVALIAR
1) PARTICIPACIÓN		Nunca ou case nunca participa activamente nas tarefas do grupo nin axuda aos demais membros. Raramente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	En ocasións participa de forma máis ou menos activa nas tarefas do grupo aínda que non é un bo membro do grupo; ás veces escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Adoita participar activamente nas tarefas do grupo e axudar a que os demais membros participen; usualmente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Participa activamente nas tarefas do grupo e axuda a que os demais membros participen. Escoita, comparte e apoia sempre o esforzo doutros.	5.1.1. 5.1.2. 5.1.4. 5.2.2. 5.6.1. 5.7.1.
2) CONTRIBUCIÓNS		Rara vez proporciona ideas útiles cando participa no grupo e en ocasións dificulta as propostas doutros	Ás veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.	Polo xeral proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase, amosándose como un membro forte do grupo.	Proporciona sempre ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase. É un líder que contribúe con moito esforzo.	
3) RESPECTO E TOLERANCIA		Poucas veces amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e non intenta solucionar conflitos.	Con frecuencia amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e ás veces intenta solucionar os conflitos.	Adoita amosar respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e na maioría das ocasións intenta solucionar os conflitos.	Sempre amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e intenta solucionar posibles conflitos.	
4) MANEXO DO TEMPO		Poucas veces remata a tempo o seu traballo, co que impide ou dificulta ao grupo entregalo na data límite e é preciso modificar os prazos.	Tende a demorarse, pero acaba tendo feitas as cousas no límite. O grupo non ten que modificar os prazos por el.	Adoita manexar ben o tempo, aínda que puntualmente pode demorarse. O grupo non ten que modificar os prazos por el.	Manexa ben o tempo durante todo o proxecto e sempre entrega mesmo con algo de antelación o seu traballo	
		TOTAL SOBRE 12				
		TOTAL SOBRE 10				
<p>*É discutible a que competencia asociar esta destreza, pois hai argumentos para relacionala coa competencia social e cidadá pero tamén coa de Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>Para avaliar a destreza de “traballo en grupo”, posto que dos estándares de latín ningún está vinculado á destreza correspondente (a diferenza do que sucede noutras materias), o alumnado pode elaborar traballos en grupo sobre <u>algúns estándares do bloque 5</u>, que aparecen no apartado catro da programación avaliábel tamén mediante a rúbrica correspondente. Ademais é posible avaliar esta destreza observando na aula a resolución de actividades en grupo e as titorías entre iguais.</p>						

LATÍN : RÚBRICA COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA. LA-ESO-CSC

NOME DO ALUMNO:		GRUPO:				
Indicadores	NOTA	EXCELENTE 3	BEN 2	BAIXO/REGULAR 1	INSUFICIENTE 0	ESTÁNDARES A AVALIAR
1) Ámbito do coñecemento crítico.		Comprende códigos de conduta aceptados en diferentes sociedades e ambientes.	Comprende case sempre os códigos...	Comprende en ocasións os códigos...	Apenas comprende ou non comprende os códigos...	
		Comprende os conceptos de igualdade, non discriminación entre mulleres e homes, diferentes grupos étnicos ou culturais, sociedade e cultura.	Comprende case sempre a importancia do concepto de igualdade e non discriminación...	Comprende de xeito limitado os conceptos de igualdade e non discriminación...	Ignora sempre ou case sempre a importancia do concepto de igualdade, non discriminación...	
		Comprende as dimensións interculturais e socioeconómicas das sociedades europeas.	Comprende, a maior parte das veces, as dimensións interculturais e socioeconómicas...	Mostra certa despreocupación polas dimensións interculturais e socioeconómicas...	Non amosa case nunca ou nunca interese polas dimensións interculturais e socioeconómicas...	
		Comprende os conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos.	Comprende, xeralmente, a importancia dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade...	Comprende, parcialmente, os conceptos de democracia, xustiza, igualdade...	Nunca ou case nunca comprende ou amosa interese por comprender os conceptos de democracia, xustiza, igualdade...	
2) Ámbito da acción: destrezas e capacidades.		Sabe comunicarse dun xeito construtiva en distintos contornos sociais e culturais e mostrar tolerancia.	Xeralmente, comunícase de xeito construtivo en distintos contornos sociais e culturais e amosa tolerancia.	Ás veces, comunícase de xeito construtivo en distintos contornos sociais e culturais e amosa tolerancia.	Non sabe ou apenas sabe comunicarse de xeito construtivo nin amosa tolerancia.	1.4.1. 5.2.1. 5.2.2. 5.3.1. 5.6.1.
		Manifesta solidariedade e interese por resolver problemas.	Manifesta, a maior parte das veces, solidariedade e interese por resolver problemas.	Mostra, de vez en cando, solidariedade e interese por resolver problemas.	No amosa, nunca ou case nunca, interese nin é solidario na resolución de problemas.	
		Participa de maneira construtiva nas actividades da comunidade educativa.	Participa bastante...	Participa, ás veces, ...	Apenas participa ou non participa...	
		Toma decisións no contexto da comunidade ou no contexto local, nacional e europeo mediante o exercicio da votación.	Entende a importancia do voto aínda que non de xeito crítico.	Mostra certo interese en entender a importancia do exercicio do voto.	Amosa indiferencia, sempre ou case sempre, ante a importancia do exercicio do voto.	
3) Ámbito actitudinal e de valores.		Ten interese polo desenvolvemento socioeconómico e pola súa contribución a un maior benestar social.	Xeralmente, amosa interese....	Ás veces, amosa interese...	Apenas amosa, ou non amosa interese...	
		Mostra disposición para superar os prexuízos e respectar as diferenzas.	Adoita amosar disposición...	Amosa certa disposición...	Apenas amosa, ou non amosa disposición...	
		Respecta os dereitos humanos.	A maior parte das veces, respecta o amosa interese por respectar os dereitos humanos.	En ocasións, respecta ou amosa interese por respectar os dereitos humanos.	Case nunca ou nunca está interesado en respectar os dereitos humanos.	
		Participa na toma de decisións democrática en todos os niveis.	Polo xeral, participa na toma de decisións democrática en todos os niveis.	Adoita a amosar predisposición nas decisións democráticas do seu grupo.	Apenas participa ou non participa nas decisións democráticas do seu grupo.	
		TOTAL SOBRE 36				
		TOTAL SOBRE 10				

LATÍN: RÚBRICA COMPETENCIA DIXITAL. LA-ESO-CD

NOME DO ALUMNO:

GRUPO:

Indicadores	NOTA	EXCELENTE 3	BEN 2	BAIXO/REGULAR 1	INSUFICIENTE 0	ESTÁNDARES A AVALIAR
1) COÑECEMENTO		Coñece as principais aplicacións informáticas así como a súa linguaxe específica. Coñece diferentes fontes de información e sabe tamén dos riscos que supón ás veces o uso de internet.	Coñece algunhas aplicacións informáticas así como a certos termos específicos. Coñece algunhas fontes da información e sabe dos riscos que supón ás veces o uso de internet.	Coñece poucas aplicacións informáticas así como termos específicos do mundo dixital. Coñece poucas fontes de información. Ás veces non sabe dos perigos que supón navegar pola rede.	Apenas coñece ou non coñece aplicacións informáticas. Coñece moi poucos termos específicos do mundo dixital e moi poucas ou unha soa fonte de información. descoñece os riscos de navegar por internet.	5.1.1. 5.1.3. 5.6.1. 7.4.1.
2) HABILIDADES E DESTREZAS		Utiliza con éxito enlaces e navega con facilidade, manexando diferentes aplicacións informáticas e diversas fontes de información para a resolución de problemas. Usa e procesa a información de xeito crítico.	É capaz de utilizar os enlaces suxeridos e navega con facilidade. Manexa algunhas aplicacións informáticas e fontes de información para a resolución de problemas. Usa e procesa ás veces a información de xeito crítico.	Usa ocasionalmente os enlaces suxeridos e navega pero precisa axuda. Manexa poucas aplicacións informáticas e fontes da información para a resolución de problemas. Usa e procesa poucas veces a información de xeito crítico.	Non usa os enlaces suxeridos en navega con moita dificultade. Apenas manexa aplicacións informáticas e fontes da información para a resolución de problemas. Non procesa a información de xeito crítico.	
3) ACTITUDE		Tén unha actitude activa, crítica e realista cara as tecnoloxías e os medios tecnolóxicos.	Ten unha actitude activa pero pouco crítica e realista cara as tecnoloxías e os medios tecnolóxicos.	Tén unha actitude pouco activa e pouco crítica e realista cara as tecnoloxías e os medios tecnolóxicos.	Tén unha actitude pasiva e non crítica nin realista cara as tecnoloxías e os medios tecnolóxicos.	
		Tén curiosidade e motivación polo aprendizaxe e mellora no uso das TIC.	Amosa certa curiosidade e motivación polo aprendizaxe e mellora no uso das TIC.	Tén pouca curiosidade e motivación polo aprendizaxe e mellora no uso das TIC.	Non tén ou apenas tén curiosidade e motivación polo aprendizaxe e mellora no uso das TIC.	
		Valora as fortalezas e debilidades das TIC.	Valora, en certa medida, as fortalezas e debilidades das TIC.	É pouca a valoración que amosa das fortalezas e debilidades das TIC.	Apenas valora ou non é quen de valorar as fortalezas e debilidades das TIC.	
		Sempre respecta os principios éticos no uso das TIC.	Case sempre respecta os principios éticos no uso das TIC.	Respecta, ás veces, os principios éticos no uso das TIC.	Apenas respecta ou non respecta os principios éticos no uso das TIC.	
		TOTAL SOBRE 9 (3-3-12/4)				
		TOTAL SOBRE 10				

LATÍN : RÚBRICA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL. LATÍN-ESO-CCEC

NOME DO ALUMNO:		GRUPO:				
Indicadores	NOTA	EXCELENTE 3	BEN 2	BAIXO/REGULAR 1	INSUFICIENTE 0	ESTÁNDARES A AVALIAR
1) ÁMBITO DO CO- ÑECEMENTO		Coñece de xeito axustado e preciso a herdanza cultural referida o patrimonio cultural, artístico, literario, histórico, etc.	Coñece ben a herdanza cultural referida o patrimonio cultural, artístico, literario, histórico, etc	Coñece con lagoas significativas a herdanza cultural referida o patrimonio cultural, artístico, literario, histórico, etc.	Coñece moi pouco ou descoñece a herdanza cultural referida o patrimonio cultural, artístico, literario, histórico, etc.	
		Coñece de xeito axustado e preciso diferentes xéneros e estilos das bellas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, literatura, teatro, etc).	Coñece ben diferentes xéneros e estilos das bellas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, literatura, teatro, etc)	Coñece con lagoas significativas xéneros e estilos das bellas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, literatura, teatro, etc)	Coñece moi pouco ou descoñece os diferentes xéneros e estilos das bellas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, literatura, teatro, etc)	
		Coñece de xeito axustado e preciso diferentes manifestacións artístico-culturais da vida cotiá (vivenda, gastronomía, vestido, festas, etc.)	Coñece ben diferentes manifestacións artístico-culturais da vida cotiá (vivenda, gastronomía, vestido, festas, etc.)	Coñece con lagoas significativas diferentes manifestacións artístico-culturais da vida cotiá (vivenda, gastronomía, vestido, festas, etc.)	Coñece moi pouco ou descoñece as diferentes manifestacións artístico-culturais da vida cotiá (vivenda, gastronomía, vestido, festas, etc.)	
2) HABILIDADES E DESTREZAS		Amosa moita creatividade e aplica diferentes habilidades de pensamento, comunicativas, etc.	Amosa certa creatividade e aplica algunhas habilidades de pensamento, comunicativas, etc.	Amosa pouca creatividade e aplica poucas habilidades de pensamento, comunicativas, etc.	Apenas amosa ou non amosa creatividade e apenas aplica ou non aplica diferentes habilidades de pensamento, comunicativas, etc.	2.1.1. 5.4.1. 5.7.1. 6.4.1. 7.4.1.
3) ACTITUDE		Respecta a diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades, o medioambiente.	Respecta en moitas ocasións a diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades, o medioambiente.	Respecta ás veces a diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades, o medioambiente.	Non respecta ou apenas respecta a diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades, o medioambiente.	
		Valora a liberdade de expresión.	Valora case sempre a liberdade de expresión.	Valora ás veces a liberdade de expresión.	Non valora ou apenas valora a liberdade de expresión.	
		Amosa interés, aprecio, disfrute, valoración crítica das diferentes expresións artísticas e culturais.	Amosa case sempre interés, aprecio, disfrute, valoración crítica das diferentes expresións artísticas e culturais.	Amosa ás veces interés, aprecio, disfrute, valoración crítica das diferentes expresións artísticas e culturais.	Non amosa ou apenas amosa interés, aprecio, disfrute, valoración crítica das diferentes expresións artísticas e culturais.	
		TOTAL SOBRE 21 (9-3-9)				
		TOTAL SOBRE 10				

LATÍN: RÚBRICA COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA. LA-ESO-CMCCT

NOME DO ALUMNO:		GRUPO:				
Indicadores	NOTA	EXCELENTE 3	BEN 2	BAIXO/REGULAR 1	INSUFICIENTE 0	ESTÁNDARES A AVALIAR
1) ÁMBITO DO CO- ÑECEMENTO		Coñece de modo preciso os principios e procesos matemáticos básicos en distintos contextos (medidas, números, gráficos, geometría, etc.).	Coñece bastante ben os principios e procesos matemáticos básicos en distintos contextos (medidas, números, gráficos, geometría, etc.).	Coñece de modo regular os principios e procesos matemáticos básicos en distintos contextos (medidas, números, gráficos, geometría, etc.).	Non coñece ou apenas coñece os principios e procesos matemáticos básicos en distintos contextos (medidas, números, gráficos, geometría, etc.).	3.1.1. 4.1.1. 5.1.3. 5.7.1. 7.2.1.
		Coñece de xeito preciso e amplo termos e conceptos tanto da linguaxe matemática como da científica e tecnolóxica.	Coñece bastantes termos e conceptos tanto da linguaxe matemática como da científica e tecnolóxica.	Coñece algúns termos e conceptos tanto da linguaxe matemática como da científica e tecnolóxica.	Apenas coñece ou non coñece termos e conceptos tanto da linguaxe matemática como da científica e tecnolóxica.	
		Coñece moitos e diferentes sistemas tecnolóxicos.	Coñece algúns sistemas tecnolóxicos.	Coñece poucos sistemas tecnolóxicos.	Non coñece ou apenas coñece sistemas tecnolóxicos.	
2) HABILIDADES E DESTREZAS		Aplica de modo preciso os principios e procesos matemáticos en distintos contextos.	Aplica bastante ben os principios e procesos matemáticos en distintos contextos.	Aplica de modo regular os principios e procesos matemáticos en distintos contextos.	Non aplica os principios e procesos matemáticos en distintos contextos.	
		Interpreta e reflexiona de modo preciso sobre resultados, gráficos...	Interpreta e reflexiona bastante ben sobre resultados, gráficos...	Interpreta e reflexiona de xeito regular sobre resultados, gráficos...	Non interpreta e reflexiona sobre resultados, gráficos...	
		Resolve de modo preciso problemas.	Resolve con bastante eficacia problemas.	Resolve con dificultade problemas.	Non é quen de resolver problemas.	
3)ACTITUDE		Respecta sempre os datos e a súa veracidade.	Respecta case sempre os datos e a súa veracidade.	Respecta ás veces os datos e a súa veracidade.	Non respecta ou apenas respecta os datos e a súa veracidade.	
		Apoia e valora a investigación e o coñecemento científico.	Apoia e valora case sempre a investigación e o coñecemento científico.	Apoia e valora ás veces a investigación e o coñecemento científico.	Non apoia e valora a investigación e o coñecemento científico.	
		TOTAL SOBRE 27 (9-9-6)				
		TOTAL SOBRE 10				

BACHARELATO

LATÍN

Competencias:

A comunicación lingüística é a competencia clave que mais presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias. O labor de tradución non so constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxenaaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de informacion na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór a disposición da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos a civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre a valoración e a comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, ó urbanismo e á romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais- artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

2.3. Perfil competencial de Latín II

Peso de cada competencia segundo o currículo:

MATERIA	ESTÁNDARES	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
LATÍN II	32	30 36,14%	7 8,43%	12 14,45%	17 20,48%	6 7,22%	-----	11 13,25%	83

Peso que dá o Departamento de Latín a cada competencia:

MATERIA	ESTÁNDARES	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
LATÍN II	32	30 36%	7 8%	12 14%	17 22%	6 7%	-----	11 13%	100

Estándares de aprendizaxe e competencias clave que se traballan no Latín II:

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC
LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CCL • CCEC
LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos as linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos. (CD)	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL • CAA
LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL • CAA
LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. (TG)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CCL
LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. (TG)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CD
LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaaas para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LA2B4.1.1. Nomea os aspectos mais salientables referentes a transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CMCCT
LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. (EE)	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL • CCEC
LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCEC
LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. (CD)	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL
LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. (EE) (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CD • CCL
LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. (CSC) (CD)	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CD • CCL
LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. (EE) (CAA) (TG)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo mais acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. (CAA) (TG)	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CCL
LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. (EO) (CAA) (CSC) (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CCEC • CCL
LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoos con coñecementos adquiridos previamente. (EO) (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CCL
LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. (EO)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC
LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán. (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CD
LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL • CD
LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL
LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. (CSC) (CD) (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC • CD • CCEC • CCL
LA2B6.4.1. Reconece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos mais frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS/CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA CADA CURSO

3.1. OBXECTIVOS DA EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a)** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as

diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.1.1. No Latín de 4º ESO

LATÍN 4º ESO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances		
f, ñ, o	B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.
e, l, ñ, f, o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
n, p	B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.
b, ñ, o	B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
f, ñ, o	B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos		
e	B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
e	B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino.	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.
h	B2.3. Pronuncia do latín: tipos.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.
Morfoloxía		
b	B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.
e	B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.
b, e	B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.
b, e	B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinalas correctamente.
b, e, h, ñ, o,	B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.
Bloque 4. Sintaxe		
f	B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
h	B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna.

		adecuadamente.
e	B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.
b	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
e	B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación.	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.
h	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización		
a, f, e, ñ	B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
a, ñ	B5.2. Organización política e social de Roma.	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.
c, ñ	B5.3. A familia romana	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.
l, n, ñ	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e héroes da mitoloxía grecolatina. B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
m	B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria	B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.
d, e, ñ	B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro	B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.
Bloque 6. Textos		
h	B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica.	B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.
d, o	B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
h	B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
l, f	B6.4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.
b, g	B6.5. Produción de pequenos textos en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.
Bloque 7. Léxico		
h, ñ, o	B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
b, l, ñ, o	B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.
b, e	B7.3. Locucións latinas de uso actual.	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

O alumno desenvolverá ao longo do curso, como mínimo, un traballo de investigación, avaliable segundo os criterios de calificación que figuran na programación.

3.2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

A etapa do **bacharelato** contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a orde nación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.2.1 No Latín II

LATÍN 2º BACHARELATO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances		
d	B1.1 Pervivencia de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
d, g	B1.2 Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e castelán.	B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.
Bloque 2. Morfoloxía		
i, d	B2.1 Morfoloxía nominal e pronominal: Formas menos usuais e irregulares.	B2.1. Coñecer as categorías gramaticais. B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas. B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais.
j, d	B2.2 Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. A conxugación perifrástica.	B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.
Bloque 3. Sintaxe		
e	B3.1 Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.
e	B3.2 Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.
d	B3.3 A oración composta: coordinación e subordinación.	B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.
e	B3.4 Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.
Bloque 4. Literatura latina		
h, l, i, g, d	B4.1 A transmisión literaria e os xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución. B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental. B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite. B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.
Bloque 5. Textos		
e, d	B5.1 Tradución e interpretación de textos latinos.	B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais. B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.
b	B5.2 Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.	B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.
a	B5.3 Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
h	B5.4 Identificación das características formais dos textos.	B5.5. Identificar as características formais dos textos.
Bloque 6. Léxico		
e	B6.1 Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.	B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.
d, g	B6.2 Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.
h	B6.3 Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.
d	B6.4 Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.

4. TEMPORALIZACIÓN E PESO DOS BLOQUES NAS AVALIACIÓNS

4.1. Latín 4º ESO

Dentro de cada avaliación, sempre que sexa posible, haberá polo menos dúas probas repartidas equilibradamente. Farase avaliación continua e sempre entrará todo o estudado previamente, salvo nos temas do Bloque 1 (O latín, orixe das linguas romances) e do Bloque 5 (Roma: historia, cultura e civilización), dos que só serán avaliados cando corresponda segundo a secuenciación seguinte:

1ª AVALIACIÓN

- B1.1. Marco xeográfico da lingua.
- B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.
- B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.
- B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.
- B2.2. Orixes do alfabeto latino.
- B2.3. Pronuncia do latín.
- B3.1. Formantes das palabras.
- B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.
- B3.3. Concepto de declinación e conxugación.
- B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. Primeira e segunda declinación. Adxectivos da primeira clase.
- B3.5. Flexión verbal. Enunciado e clasificación dos verbos. Modelos. Presente, pretérito imperfecto e futuro imperfecto de indicativo activos.
- B4.1. Elementos da oración. Funcións das palabras na oración.
- B4.2. Casos latinos. Funcións e tradución.
- B4.3. Concordancia. Tradución e retroversión.
- B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- B5.1. Períodos da historia de Roma. O mito da fundación de Roma e a súa base histórica. Monarquía.
- B5.4. Mitoloxía e relixión. Principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
- B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica de frases e textos de dificultade graduada, para efectuar a súa tradución ou retroversión.
- B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
- B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.
- B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. Realización de comentarios sobre determinados aspectos culturais e elaboración de mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos.
- B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
- B7.3. Locucións latinas de uso actual.

B1	10%
B2	5%
B3	20%
B4	20%
B5	10%
B6	25%
B7	10%

2ª AVALIACIÓN

- B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. Terceira, cuarta e quinta declinación. Adxectivos da segunda clase.
- B3.5. Flexión verbal. Pretérito perfecto, pretérito pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activos.
- B4.1. Elementos da oración. Funcións das palabras na oración.
- B4.2. Casos latinos. Funcións e tradución.
- B4.3. Concordancia. Tradución e retroversión.
- B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.
- B5.1. Períodos da historia de Roma. República.
- B5.2. Organización política e social de Roma.
- B5.3. A familia romana.
- B5.4. Mitoloxía e relixión. Principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
- B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.
- B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.
- B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica de frases e textos de dificultade graduada, para efectuar a súa tradución ou retroversión.
- B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
- B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.
- B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. Realización de comentarios sobre determinados aspectos culturais e elaboración de mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos.
- B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
- B7.3. Locucións latinas de uso actual.

B1	10%
B2	10%
B3	20%
B4	20%
B5	10%
B6	20%
B7	10%

3ª AVALIACIÓN

- B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. Pronomes latinos.
- B3.5. Flexión verbal. Presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo pasivos.
- B4.1. Elementos da oración. Funcións das palabras na oración.
- B4.2. Casos latinos. Funcións e tradución.
- B4.3. Concordancia. Tradución e retroversión.
- B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.
- B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.
- B5.1. Períodos da historia de Roma. Imperio.
- B5.4. Mitoloxía e relixión. Principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

- B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica de frases e textos de dificultade graduada, para efectuar a súa tradución ou retroversión.
- B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
- B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.
- B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. Realización de comentarios sobre determinados aspectos culturais e elaboración de mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos.
- B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.
- B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
- B7.3. Locucións latinas de uso actual.

B1	10%	
B2	10%	
B3	20%	UNIDADES:
B4	20%	1T: I-IV // 2T: V-VII // 3T: VIII-X (libro de aula e outros materiais)
B5	10%	
B6	20%	
B7	10%	

4.2. Latín II (Bacharelato)

Dentro de cada avaliación, sempre que sexa posible, haberá polo menos dúas probas repartidas equilibradamente. Farase avaliación continua e sempre entrará todo o estudado previamente:

1ª AVALIACIÓN

- B1.1. Pervivencia de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal:
- Repaso da materia de Latín I: Os casos. As declinacións no substantivo, adxectivo e pronome.
 - Formas menos usuais e irregulares.
- B2.2. Morfoloxía verbal:
- Repaso da conxugación activa e pasiva. Os verbos depoñentes
 - Verbos irregulares e defectivos (1). *Sum* e os seus compostos.
- B2.2. Formas nominais do verbo: infinitivo e participio.
- B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.
- B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.
- B3.3. A oración composta: coordinación e subordinación.
- Subordinadas de *cum*, *ut* e *quod*.
 - Relativo. Subordinadas de relativo.
- B3.4. Construcións de infinitivo e participio.
- Participio concertado e Ablativo Absoluto
 - Infinitivo concertado e no concertado. A oración de infinitivo
- B4.1. A transmisión literaria e os xéneros literarios latinos: comedia e historiografía.
- B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos:
- Uso correcto do dicionario.
 - Tradución de fragmentos seleccionados da obra de Eutropio.
- B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.
- Lectura, no seu caso, dunha comedia orixinal de Plauto: *Anfitrión*, *Os Xemelgos...*
 - Lectura, no seu caso, da lenda de Lucrecia : fragmento do Libro I de *Ab urbe condita* de Tito

Livio.

B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.

B5.4. Identificación das características formais dos textos.

B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico. B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.

- Toponimia galega e castelá: 25 topónimos por trimestre

B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria (1) Primeiras 50

B6.4. Composición e derivación culta.

B1 (10%)

B2 (10%)

B3 (10%)

B4 (15%)

B5 (45%)

B6 (10%)

2ª AVALIACIÓN

B1.1. Pervivencia de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos (2).

B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: Formas menos usuais e irregulares.

B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos (2).

- *Volo, nolo, malo.*

- *eo, fero* e os seus compostos. *Fio.*

B3.3. A oración composta: coordinación e subordinación.

- Repaso de tipos de subordinadas

B3.4. Construcións de xerundio, xerundivo e supino. O xerundio. O xerundivo. O supino. Sintaxe dos tres. Conxugación perifrástica.

B4.1. A transmisión literaria e os xéneros literarios latinos: épica e oratoria.

B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.

- Tradución de fragmentos de sintaxe máis complexa da obra de Eutropio.

B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.

- Lectura obrigatoria, no seu caso, dos fragmentos propostos pola CIUG.

- Lectura obrigatoria, no seu caso, de varios fragmentos dos Discursos de Calgaco e Agrícola na obra Agrícola de Tácito.

B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.

B5.4. Identificación das características formais dos textos.

B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.

B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.

- Toponimia galega e castelá: 25 topónimos por trimestre.

B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria (2) : seguintes 50

B6.4. Composición e derivación culta.

B1 (10%)

B2 (10%)

B3 (10%)

B4 (15%)

B5 (45%)

B6 (10%)

3ª AVALIACIÓN

- B1.1. Pervivencia de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos (3).
- B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- B3.3. A oración composta: Repaso dos tipos de subordinación.
- Subordinación adverbial completa
- B4.1. A transmisión literaria e os xéneros literarios latinos: lírica e fábula
- Lectura dunha selecta dos Poemas de Catulo a Lesbia.
- B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.
- Tradución de Fábulas de Fedro.
- B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.
- B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
- B5.4. Identificación das características formais dos textos.
- B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.
- B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.
- Toponimia galega e castelá: 25 topónimos por trimestre.
- B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria (3) : últimas 50
- B6.4. Composición e derivación culta.

B1 (10%)

B2 (10%)

B3 (10%)

B4 (15%)

B5 (45%)

B6 (10%)

A programación debe entenderse sempre coma un documento flexible.

5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

5. 1. LATÍN 4º ESO

Realizarase unha avaliación inicial ao comezo do curso para determinar o grao de formación e interese dos alumnos. Esta avaliación permitiranos adecuar os contidos ás características do grupo e a cada un dos alumnos de forma personalizada.

Ao longo do desenvolvemento da programación, para medir o grao de consecución dos obxectivos e estándares e poder realizar as correccións necesarias, levarase a cabo unha avaliación formativa e continua.

Expoñemos a continuación as distintas actuacións, procedementos e instrumentos que se poden levar a cabo ao avaliar en función do momento e a finalidade da avaliación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas levarase a cabo por medio dos seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación do traballo diario
- Análise de tarefas.
- Realización de probas específicas.

É fundamental a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:

- preguntas frecuentes na aula.
- seguimento do caderno do alumno
- observación do grao de participación na clase.

De tal observación deixarase constancia no caderno de docente.

• **RÚBRICA PARA AVALIAR O CADERNO**

	3	2	1	0
APUNTES	Os apuntes están escritos, ordenados e presentados ben.	Os apuntes están escritos, ordenados e presentados bastante ben.	Os apuntes están escritos parcialmente e/ou con algo de desorde e/ou con presentación mellorable.	Carece de apuntes ou falta a maior parte. A presentación é bastante deficiente.
CANTIDADE DE INFORMACIÓN	Ten información de todos os temas e preguntas tratados.	Ten información de todos os temas e da maioría das preguntas tratadas.	Ten información de case todos os temas e preguntas tratados.	Non ten información ou é moi escasa.
ORGANIZACIÓN	A información está moi ben organizada con parágrafos ben redactados e con subtítulos.	A información está organizada con parágrafos ben redactados.	A información proporcionada está bastante organizada pero os parágrafos non están ben redactados.	A información carece de estrutura e a redacción non é boa.
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Hai ata dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen ata catro erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen máis de catro erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.
NÚMERO DE ACTIVIDADES RESOLTAS	Realiza todas as actividades que se propoñen.	Realiza máis do 80 % das actividades que se propoñen.	Realiza entre o 80 % e o 50 % das actividades que se propoñen.	Realiza menos do 50 % das actividades que se propoñen.
PROCEDEMENTO E RESULTADOS DE ACTIVIDADES RESOLTAS	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao bastante ben organizado e obtén o resultado correcto case sempre.	Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto en máis do 70% das actividades resoltas. Reflicte no caderno con algún erro as correccións feitas na clase.	No desenvolve o procedemento e/ou non obtén o resultado correcto. Reflicte no caderno con moitos erros as correccións feitas na clase.

Nome e Apellidos: _____

Curso: _____ Data: _____

• **RÚBRICA PARA EVALUAR OS APUNTAMENTOS DE CLASE**

	EXCELENTE		BÁSICO		ESCASO	
	APUNTAMENTOS	Os apuntamentos están escritos, organizados e ordenados con moito coído.		Os apuntamentos están escritos.		Carece de apuntamentos.
CANTIDADE DE INFORMACIÓN	Ten información de todos os temas e preguntas tratados.		Ten información de case todos os temas e preguntas tratados.		Non ten información ou esta é moi escasa.	
ORGANIZACIÓN	A información está moi ben organizada con parágrafos ben redactados e con subtítulos.		A información está organizada, pero os parágrafos non están ben redactados.		A información carece de estrutura de redacción.	
IDEAS RELEVANTES	A información está claramente relacionada co tema principal e proporciona varias ideas secundarias e/ou exemplos.		A información ten as ideas principais pero non as secundarias.		A información non ten ideas principais.	
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticales, ortográficos ou de puntuación.		Existen varios erros gramaticales, ortográficos ou de puntuación.		Existen máis de tres erros gramaticales, ortográficos ou de puntuación.	

Deste xeito o profesorado observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelos axeitadamente.

Como ferramenta para avaliar o caderno e os apuntes de clase e a resolución individual de actividades usaremos as **rúbricas anteriores**.

As actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo, quedarán recollidas no caderno de clase, que será presentado para a súa valoración cando o profesor o requira.

Tarefas puntuais

É importante que o alumno se achegue á civilización clásica e ao latín directamente, e que controle os mecanismos para facer pequenos traballos de investigación. Valorarase:

- a puntualidade na data de entrega prevista.
- a presentación do traballo.
- a comprensión e síntese do tema motivo do traballo.
- a elaboración persoal.
- a exposición oral.

Os **traballos** poderán ser **individuais ou en grupo**, escritos e con exposicións orais.

En cada avaliación poderase elaborar un traballo individual ou de grupo relacionado co léxico e cultura e civilización grega ou romana que, tras ser corrixido polo profesor, exporán ante os seus compañeiros oralmente co apoio de medios audiovisuais. Estes valorarán os traballos e as actividades propios e dos demais segundo unhas pautas dadas polo profesor.

Probas específicas

As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, e serán unha como mínimo por avaliación. Poderán facerse:

- probas escritas con exercicios de mitoloxía e legado, morfoloxía, sintaxe e tradución, etimoloxía e latinismos.
- probas escritas ou orais do temario de cultura e civilización.
- probas orais ou escritas de control de lecturas fixadas.

As probas escritas ou controis orais servirán para comprobar a correcta asimilación do estudado. Nas probas haberá preguntas para desenvolver e outras poderán ser tipo test, de completar ocos, de relacionar, de escoller opcións... En cada proba disporán de información precisa sobre a puntuación de cada pregunta e os criterios de corrección.

Rúbricas e preguntas para avaliar a comprensión

Empregaranse as rúbricas que aparecen na programación para avaliar as competencias. Para avaliar as destrezas de comprensión oral e escrita, en cambio, é preferible facer preguntas pechas como se indica nese apartado.

Debido as características dos estándares que aparecen nestas materias pódense aplicar as rúbricas e preguntas pechadas a diferentes tarefas e probas orais ou escritas. Poden utilizarse para avaliar a redacción e presentación de traballos escritos e a exposición oral de traballos, para os controis orais ou escritos de lecturas sinaladas, ou para as respostas nas que sexa preciso desenvolver con certa extensión o preguntado.

5.2. BACHARELATO

Realizarase unha avaliación inicial a cal permitiranos adecuar os contidos ás características do grupo e a cada un dos alumnos de forma personalizada.

Ao longo do desenvolvemento da programación, para medir o grao de consecución dos obxectivos e estándares e poder realizar as correccións necesarias, levarase a cabo unha avaliación formativa e continua.

O sistema empregado en Latín será o de **avaliación continua** como en calquera lingua. O reducido número de alumnos permítenos seguir a cotío os seus progresos e que a súa participación sexa constante.

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas levarase a cabo por medio dos seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación do traballo diario
- Análise de tarefas.
- Realización de probas específicas.

É fundamental a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:

- preguntas frecuentes na aula.
- seguimento do caderno do alumno.
- observación do grao de participación na clase.

Deste xeito o profesorado observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelos axeitadamente.

As actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo, quedarán recollidas no caderno de clase, que será observado para a súa valoración polo profesor cando o considere oportuno, non coa finalidade de avalialo senón para comprobar se as actividades se están a desenvolver de modo correcto.

É importante que o alumno se achegue á civilización clásica directamente, e que controle os mecanismos para facer pequenos traballos de investigación. Valorarase:

- a puntualidade na data de entrega prevista.
- a presentación do traballo.
- a comprensión e síntese do tema motivo do traballo.
- a elaboración persoal.
- a exposición oral.

Os **traballos** poderán ser **individuais ou en grupo**, escritos e/ou con exposicións orais.

En cada avaliación intentarase que o alumnado elabore un traballo de grupo por avaliación, relacionado co léxico e cultura e civilización grega ou romana que, tras ser corrixido polo profesor, expoñan ante os seus compañeiros oralmente co apoio de medios audiovisuais. Estes valorarán os traballos e as actividades propios e dos demais segundo unhas pautas dadas polo profesor.

As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade insalvable para o alumnado que traballou a cotío, e serán dúas como mínimo por avaliación nas materias de 1º e 2º de Bacharelato. Poderán facerse:

- probas escritas con exercicios de morfoloxía, sintaxe e tradución, etimoloxía e latinismos.
- probas escritas con exercicios puntuais de morfoloxía ou sintaxe.
- probas xerais teórico-prácticas fixadas xa de antemán ao principio do trimestre máis específicas de literatura, historia, institucións ou etimoloxías.
- probas de análise e tradución de textos con dicionario e sin el.
- probas escritas ou orais do temario de cultura.
- probas escritas ou orais de control de lecturas fixadas.

As probas escritas ou controis orais servirán para comprobar a correcta asimilación do

estudado. Nas probas haberá preguntas para desenvolver e outras tipo test, de completar ocos, de relacionar, de escoller opcións... En cada proba disporán de información precisa sobre a puntuación de cada pregunta e os criterios de corrección.

Estas probas se realizarán normalmente en horario lectivo, pero non se descarta a posibilidade de realizalas fóra del, sempre e cando alumnos e profesor, de común acordo, así o decidan.

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

6.1. ESO

6.1.1. Aspectos xerais

Aprendizaxe comprensivo

É necesario partir da competencia inicial do alumnado para que a ensinanza sexa comprensiva. Por isto na segunda sesión do curso realizamos unha proba de coñecementos previos e tamén comezaremos cada nova unidade por unha revisión oral dos mesmos co cada grupo. Na medida do posible esta revisión ha de ser tamén unha ponte entre as unidades didácticas anteriores e as futuras, de xeito que o alumno non traballe en compartimentos estancos. Se a unidade ten relación con algunha outra materia do curso, tamén deberá ser posta de manifesto neste primeiro achegamento. Se os alumnos necesitan algún tipo de reforzo cómpre modificar a programación para facer unha sesión completa de iniciación e reforzo á unidade.

Aprendizaxe colaborativo.

Titoría entre iguais

A titoría entre iguais é un método de aprendizaxe cooperativo consistente na creación de parellas asimétricas que asumen o rol de titor e titorado coa finalidade de adquirir unha competencia o un EA do currículo. O titor aprende porque debe preparar as explicacións, verbalizar os seus coñecementos, reflexionar sobre o aprendizaxe, saber escoitar, e síntese responsable do titorado. O titorado aprende porque recibe unha atención individualizada, síntese motivado polo compañeiro titor, non ten medo a preguntar nin a recoñecer as súas dificultades e mellora nas súas estratexias de aprendizaxe en xeral.

Ao principio de cada trimestre dividirase o grupo en parellas que se intentarán manter ao longo de curso. Ao principio de cada trimestre valorarase a necesidade de facer cambios nas parellas. O titor sentarase á esquerda do titorado (agás se é zurdo) para ter mellor acceso ao que o titorado escribe.

Nas nosas aulas utilizaremos esta técnica para a práctica de vocabulario (etimoloxías grecolatinas, buscas no dicionario, evolución de termos latinos a castelán ou galego...) tarefa que favorece a adquisición da Competencia Lingüística nas destrezas de Comprensión Escrita e Expresión Escrita.

Papel facilitador do profesor

O profesor é o instrumento de aprendizaxe máis importante na aula, xunto coa capacidade de autoaprendizaxe dos propios alumnos. O profesor debe facilitar a comprensión dos aprendizaxes, motivar aos alumnos cara ao esforzo intelectual e facilitar o acceso a realidades moi distintas ás que a sociedade hoxe en día potencia e valora. O profesor deberá deseñar tarefas integradas para que os alumnos cheguen a "saber facer" o que queremos (os EA) e adquiren os contidos. Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o alumno será o protagonista da súa aprendizaxe, mentres que o profesor será guía e mediador do proceso, na medida en que as circunstancias o permitan: o elevado número de alumnos nunca favorece a consecución dos obxectivos.

Como principio básico hase de partir da tarefa que realiza o alumno, da súa aprendizaxe e non do ensino tradicional. Deben quedar relegadas formas ríxidas de ensino dando paso a métodos máis activos e dinámicos. O proceso está aberto, ademais, a actividades de recuperación, afondamento e reforzos. Cando os obxectivos programados para un período de avaliación sexan variados e diversos e o alumno logrou superar parte deles, a recuperación poderá centrarse só sobre os que non foron alcanzados.

- A) Os textos de lectura converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos léxicos e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados.
- B) O profesor promoverá a realización de traballos de ampliación voluntarios sobre os contidos do currículo que máis podan interesar aos alumnos. Os traballos deberán presentarse en formato PPT, con liñas de texto en cada diapositiva, ilustrada cada unha cunha imaxe de calidade (fotografía, pintura, escultura, gráfico, esquema, etc.) relacionada coa idea que se quere explicar. O tema deberá ir en torno a calquera aspecto da sociedade, política e cultura grecorromana e o seu reflexo na arte ou no mundo actual. O traballo esixe ao alumno facer un esforzo de síntese e deben ser orixinais.
- C) O proceso de ensino-aprendizaxe deberá ter un enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas. Isto levarase a cabo a través de exercicios como:
 - a) Lecturas comprensivas de textos con exercicios de comprensión, de síntese, realización des esquemas conceptuais nas historias míticas, de ampliación de vocabulario etc.
 - b) Audicións radiofónicas e visionado de fragmentos de películas e documentais que os alumnos deberán prestar atención e responder a unha serie de preguntas.
 - c) Toma activa de apuntamentos seguindo as explicacións que o profesor dará coa axuda de PPTs.
 - d) Uso da nosa Aula Virtual para a teoría e a práctica dos temas.
 - e) Busca guiada de información en internet.
 - f) Realización de exercicios online en páxinas especializadas.

Desenvolvemento gradual das Unidades Didácticas

Tendo en conta os 7 bloques de contidos e analizando os estándares que se reflicten en cada bloque, o método proposto para o latín de 4º ESO organízase do modo seguinte:

- Lecturas do tema correspondente. As lecturas serán comentadas polo profesor, sendo oportuna unha ampliación que virá dada por outros materiais como fotocopias, diapositivas, etc. Téñase en conta que, dada a natureza desta materia, se realizarán saltos ineludibles na consulta e no uso do libro de texto. A lectura axudará ao alumno na comprensión do vocabulario específico da materia.
- Cada unidade componse dun bloque específico referido a cuestións históricas que se alterarán con outras de carácter máis práctico e lúdico. Isto permitirá unha mellor asimilación dos conceptos e espertará o interese dos alumnos.
- Elaboración de esquemas, resumos e/ou mapas conceptuais dos bloques temáticos de cultura.
- Realización das actividades marcadas polo profesorado, tanto as do libro de texto como as aportadas procedentes de diversas fontes.
- O profesor intentará estimular en cada momento a actividade creadora dos alumnos.
- Leranse textos e comentaranse, e buscarase promover debates entre o alumnado.
- O estudo das formas de pensamento e das crenzas do mundo clásico contará cunha previa explicación do profesorado.
- Hai exercicios nas web e direccións moi interesantes para esta materia cos que se traballará complementariamente cando poidamos dispor de aulas con medios informáticos.

A metodoloxía para o desenvolvemento das unidades didácticas basearase nos seguintes principios:

- Ó comezo de cada unidade realizarase unha introdución, destacando as habilidades que se adquirirán ó longo da mesma. Pode resultar moi motivador amosar ó principio da unidade o tipo de problemas que o alumno será capaz de resolver ó final, poñendo de manifesto a complexidade a priori dos mesmos, así como o tipo de coñecementos que adquirirán.
- Ó principio daquelas unidades que dependan fortemente de coñecementos previos (nas materias lingüísticas) realizarase unha sondaxe para determinar se o nivel é suficiente e,

en caso contrario, tomar unha das seguintes medidas:

- ✓ Realizar actividades de repaso antes de comezar a unidade.
- ✓ Aproveitar o momento no que entren en xogo os devanditos coñecementos previos para deterse nos mesmos e aproveitar para repasalos. Esta será a opción preferible, pois a aprendizaxe será sen dúbida máis integrada e significativa.
- O desenvolvemento das clases farase da forma máis activa e participativa posible, tratando de que os alumnos interveñan activamente na corrección das actividades, discutindo dúbidas, presentando alternativas, comentarios, suxestións, etc.
- No desenvolvemento das unidades irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e tarefas relacionados cos mesmos. Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos, como poden ser: explicación directa servíndose dunha presentación de diapositivas, consulta do libro de texto dos apuntamentos elaborados polo profesor, ou outro material por parte do alumno, estudo a través de contido dixital interactivo, aprendizaxe por descubrimento, realizando tarefas en parellas (titoría entre iguais) o en grupos máis grandes, etc.
- Ó final de cada unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade que consoliden e relacionen entre si os coñecementos acadados.
- O profesor garantirá que os alumnos coñezan a resolución completa de todas as actividades propostas e que poderán aclarar calquera dúbida ó respecto.

6.1.2. Medidas concretas

Ademais dos principios xerais enumerados no apartado anterior, acórdanse as seguintes medidas concretas:

- Exposicións no encerado por parte dos alumnos.

Procurarase que, de vez en cando, os alumnos preparen e expoñan ante os seus compañeiros, con todo detalle, algún exercicio breve pero especialmente interesante e suficientemente alcanzable (unha pequena lenda, unha anécdota mitolóxica, un topónimo próximo ou unha etimoloxía curiosa...). En tales casos anunciarase como mínimo na clase anterior, indicando a cuestión concreta que será obxecto de exposición. Insistirase en que os alumnos expoñan de forma didáctica e para iso preparen adecuadamente a intervención.

- Traballar habitualmente a expresión e a comprensión verbal.

Constantemente se prestará atención a traballar a expresión e comprensión verbal de conceptos, estratexias e procedementos. Para iso poderase, entre outras cousas:

- ✓ Intercalar de vez en cando algún exercicio, non para ser resolto sinteticamente, senón para que se describa con palabras a estratexia de resolución.
- ✓ Preguntar de palabra conceptos, procedementos, e.t.c. de forma habitual na clase.
- ✓ Seleccionar de vez en cando algún exercicio para, no canto de corrixilo escribindo no taboleiro, facelo de palabra. Esta corrección será feita en ocasións polo profesor e en outras por algún alumno.
- Propoñer a realización de traballos de exposición (con axuda de soportes dixitais tipo PPT) orixinais sobre temas da cultura grecolatina.

Con certa frecuencia proporanse posibles temas para afondar na casa utilizando as novas tecnoloxías, que deberán materializarse nun traballo orixinal en con axuda de soporte dixital.

- Intercalación de actividades de repaso.

De xeito habitual, xunto coas actividades do día, incluírase algunha actividade de repaso de EA das unidades anteriores.

- Recollida frecuente de exercicios por escrito.

Está previsto que moitos dos estándares de aprendizaxe sexan avaliados mediante a recollida de preguntas por escrito. Os alumnos deberán coñecer con antelación se nunha clase se vai recoller algunha pregunta ou exercicio por escrito a todos os alumnos do grupo.

O proceso de ensino-aprendizaxe será sometido a revisións para adaptarse á realidade da aula.

6.2. BACHARELATO

6.2.1. Aspectos xerais

Aprendizaxe comprensivo

É necesario partir da competencia inicial do alumnado para que a ensinanza sexa comprensiva. Por isto a comezos do curso realizamos unha proba inicial de coñecementos previos e tamén comezaremos cada nova unidade por unha revisión oral dos mesmos co cada grupo. Na medida do posible esta revisión ha de ser tamén unha ponte entre as unidades didácticas anteriores e as futuras, de xeito que o alumno non traballe en compartimentos estancos. Se a unidade ten relación con algunha outra materia do curso, tamén deberá ser posta de manifesto neste primeiro achegamento. Se os alumnos necesitan algún tipo de reforzo cómpre modificar a programación para facer unha sesión completa de iniciación e reforzo á unidade. No caso de 2º de Bacharelato será necesario facer probas de acreditación de coñecementos previos.

Aprendizaxe colaborativo. Titoría entre iguais

A titoría entre iguais é un método de aprendizaxe cooperativo consistente na creación de parellas asimétricas que asumen o rol de titor e titorado coa finalidade de adquirir unha competencia o un EA do currículo. O titor aprende porque debe preparar as explicacións, verbalizar os seus coñecementos, reflexionar sobre o aprendizaxe, saber escoitar, e síntese responsable do titorado. O titorado aprende porque recibe unha atención individualizada, síntese motivado polo compañeiro titor, non ten medo a preguntar nin a recoñecer as súas dificultades e mellora nas súas estratexias de aprendizaxe en xeral.

Ao principio de cada trimestre dividirase o grupo en parellas que se intentarán manter ao longo de curso. Ao principio de cada trimestre valorarase a necesidade de facer cambios nas parellas. (Para iso empregaremos a rúbrica de titor/titorado) Nas nosas aulas utilizaremos esta técnica para a práctica de vocabulario (etimoloxías grecolatinas, buscas no dicionario, evolución de termos gregos ou latinos a castelán ou galego...) tarefa que favorece a adquisición da Competencia Lingüística nas destrezas de Comprensión Escrita e Expresión Escrita.

Papel facilitador do profesor/a

O profesor é o instrumento de aprendizaxe máis importante na aula, xunto coa capacidade de autoaprendizaxe dos propios alumnos. O profesor debe facilitar a comprensión dos aprendizaxes, motivar aos alumnos cara ao esforzo intelectual e facilitar o acceso a realidades moi distintas ás que a sociedade hoxe en día potencia e valora. O profesor deberá deseñar tarefas integradas para que os alumnos cheguen a “saber facer” o que queremos (os EA) e adquiren os contidos. Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o alumno será o protagonista da súa aprendizaxe, mentres que o profesor será guía e mediador do proceso, na medida en que as circunstancias o permitan: o axeitado número de alumnos nas nosas materias favorece moito a consecución dos obxectivos.

Como principio básico hase de partir da tarefa que realiza o alumno, da súa aprendizaxe e non do ensino tradicional. Deben quedar relegadas formas ríxidas de ensino dando paso a métodos máis activos e dinámicos. O proceso está aberto, ademais, a actividades de recuperación, afondamento e reforzos. Cando os obxectivos programados para un período de avaliación sexan variados e diversos e o alumno logrou superar parte deles, a recuperación poderá centrarse só sobre os que non foron

alcanzados.

- A) Os textos de lectura converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos léxicos e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados.
- B) O profesor promoverá a realización de traballos de ampliación voluntarios sobre os contidos do currículo que máis podan interesar aos alumnos. Os traballos deberán presentarse en formato dixital, con liñas de texto en cada diapositiva, ilustrada cada unha cunha imaxe de calidade (fotografía, pintura, escultura, gráfico, esquema, etc.) relacionada coa idea que se quere explicar. O tema deberá ir en torno a calquera aspecto da sociedade, política e cultura grecorromana e o seu reflexo na arte ou no mundo actual. O traballo esixe ao alumno facer un esforzo de síntese e deben ser orixinais.
- C) O proceso de ensino-aprendizaxe deberá ter un enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas. Isto é moi doado nos estándares e contidos lingüísticos de Latín, que son fundamentalmente **prácticos**, pero tamén nos bloques de civilización e cultura a través de exercicios como:
 - a) Lecturas comprensivas de textos con exercicios de comprensión, de síntese, realización de esquemas conceptuais da literatura, de ampliación de vocabulario etc.
 - b) Audicións radiofónicas e visionado de fragmentos de películas e documentais que os alumnos deberán prestar atención e responder a unha serie de preguntas.
 - c) Toma activa de apuntamentos seguindo as explicacións que o profesor dará coa axuda de PPTs.
 - d) Uso da nosa Aula Virtual para a teoría e a práctica dos temas.
 - e) Busca guiada de información en internet.
 - f) Realización de exercicios online en páxinas especializadas.

Desenvolvemento gradual das Unidades Didácticas

Tendo en conta os **7 bloques de contidos** e analizando os estándares que se reflicten en cada bloque, o método común proposto para o estudo das dúas linguas é o seguinte:

A metodoloxía para o desenvolvemento das unidades didácticas basearase nos seguintes principios:

- Ó comezo de cada unidade realizarase unha introdución, destacando as habilidades que se adquirirán ó longo da mesma. Pode resultar moi motivador amosar ó principio da unidade o tipo de problemas que o alumno será capaz de resolver ó final, poñendo de manifesto a complexidade a priori dos mesmos, así como o tipo de coñecementos que adquirirán.
- Ó comezo de cada unidade pedirase a un alumno que faga un resumo oralmente do máis importante da unidade anterior, preferiblemente valéndose do encerado e facendo algún tipo de esquema
- Ó principio daquelas unidades que dependan fortemente de coñecementos previos (nas materias lingüísticas) realizarase unha sondaxe para determinar se o nivel é suficiente e, en caso contrario, tomar unha das seguintes medidas:
 - ✓ Realizar actividades de repaso antes de comezar a unidade.
 - ✓ Aproveitar o momento no que entren en xogo os devanditos coñecementos previos para deterse nos mesmos e aproveitar para repasalos. Esta será a opción preferible, pois a aprendizaxe será sen dúbida máis integrada e significativa.
- O desenvolvemento das clases farase da forma máis activa e participativa posible, tratando de que os alumnos interveñan activamente na corrección das actividades, discutindo dúbidas, presentando alternativas, comentarios, suxestións, etc.
- No desenvolvemento das unidades irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e tarefas relacionados cos mesmos. Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos, como poden ser: explicación directa

servíndose dunha presentación de diapositivas, consulta do libro de texto dos apuntamentos elaborados polo profesor, ou outro material por parte do alumno, estudo a través de contido dixital interactivo, aprendizaxe por descubrimento, realizando tarefas en parellas (titoría entre iguais) o en grupos máis grandes, etc.

- Ó final de cada unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade que consoliden e relacionen entre si os coñecementos acadados.
- O profesor garantirá que os alumnos coñezan a resolución completa de todas as actividades propostas e que poderán aclarar calquera dúbida ó respecto.

Non seguimos un desenvolvemento gradual en unidades didácticas nas materias de 2º de bacharelato.

6.2.2. Medidas concretas

Ademais dos principios xerais enumerados no apartado anterior, acórdanse as seguintes medidas concretas:

- Exposicións no encerado por parte dos alumnos.

Procurarase que, de vez en cando, os alumnos preparen e expoñan ante os seus compañeiros, con todo detalle, algún exercicio breve pero especialmente interesante e suficientemente alcanzable (unha anécdota mitolóxica, un topónimo próximo ou unha etimoloxía curiosa, a declinación dunha concordancia, un tempo verbal...). En tales casos anunciarase como mínimo na clase anterior, indicando a cuestión concreta que será obxecto de exposición. Insistirase en que os alumnos expoñan de forma didáctica e para iso preparen adecuadamente a intervención.

- Traballar habitualmente a expresión e a comprensión verbal.

Constantemente se prestará atención a traballar a expresión e comprensión verbal de conceptos, estratexias e procedementos. Para iso poderase, entre outras cousas:

- ✓ Intercalar de vez en cando algún exercicio, non para ser resolto sinteticamente, senón para que se describa con palabras a estratexia de resolución.
- ✓ Preguntar de palabra conceptos, procedementos, e.t.c. de forma habitual na clase.
- ✓ Seleccionar de vez en cando algún exercicio para, no canto de corrixilo escribindo no taboleiro, facelo de palabra. Esta corrección será feita en ocasións polo profesor e en outras por algún alumno.
- Propoñer a realización de traballos de exposición (con axuda de soportes dixitais tipo PPT) orixinais sobre temas da cultura grecolatina.

Con certa frecuencia proporanse posibles temas para afondar na casa utilizando as novas tecnoloxías, que deberán materializarse nun traballo orixinal en con axuda de soporte dixital.

- Intercalación de actividades de repaso.

De xeito habitual, xunto coas actividades do día, incluírase algunha actividade de repaso de EA das unidades anteriores.

- Recollida frecuente de exercicios por escrito.

Está previsto que moitos dos estándares de aprendizaxe sexan avaliados mediante a recollida de preguntas por escrito. Os alumnos deberán coñecer con antelación se nunha clase se vai recoller algunha pregunta ou exercicio por escrito a todos os alumnos do grupo.

O proceso de ensino-aprendizaxe será sometido a revisións para adaptarse á realidade da aula.

- **Nova metodoloxía inductivo-contextual para o estudo do latín e o método tradicional gramática-tradución.**

O estudo teórico dos fenómenos gramaticais e a práctica da tradución de pasaxes orixinais, seleccionados a modo de exemplo en función do seu nivel de dificultade, eran, ata non fai moito tempo, o único modo aparente de aprender linguas clásicas e de acceder ao legado antigo. Esta didáctica, que prevaleceu nas nosas aulas máis por rutina académica, quizais, que por convicción, empeza a revelarse xa como insuficiente para non poucos docentes. Espertouse hoxe un interese crecente por recuperar as bases da tradición humanística, á vez que se atopou nas novas tecnoloxías unha nova vía para un enfoque metodolóxico baseado na aprendizaxe autónoma e a interacción en contornas virtuais colaborativas. Nunha época como a actual, na que o modelo de escola herdado dos nosos pais, baseado na clase maxistral e o ensino de coñecementos e verdades «absolutas», está xa obsoleto e anacrónico, e na que cada vez son máis numerosas as voces dos especialistas en educación que demandan unha maior atención á intelixencia emocional, á orixinalidade creativa, o traballo cooperativo e as habilidades de interacción e de expresión persoal. Para iso é imprescindible que os profesores de clásicas incorporem na nosa docencia novas estratexias de aprendizaxe activa que contribúan a encher as nosas aulas de alumnos cun nivel elemental de competencia en grego e latín non só a nivel lingüístico, senón tamén comunicativo.

A práctica de **tradución** e comentario dos textos ocupa un importante espazo nesta docencia. Adoitámoslle dar tamén un enfoque colaborativo. Esta actividade realízase en dous tempos: en casa os alumnos localizan posibles dificultades do texto preparando a análise sintáctico básico e/ou resumo; en clase organízanse grupos que se dedicarán a consensuar a tradución que van presentar ao resto nunha posta en común posterior. As discrepancias que poden xurdir apróveitanse para invitarlles a unha análise gramatical máis profunda.

Tras intentar **analizar e comprender** os textos, para o primeiro repaso podemos utilizar os exercicios contidos no texto. Alí atopamos basicamente exercicios de etimoloxía, de tradución directa e inversa, de completar frases con palabras e palabras con desinencias, ou de transformar o seu número e caso. Para a súa corrección combinamos dous sistemas: o tradicional, sobre todo ao principio, no que os alumnos dan as súas repostas e o profesor corrixe todo, e o máis novo baseado na fórmula da titoría entre iguais, consistente nunha posta en común en grupos reducidos. Este mecanismo de aprendizaxe cooperativo adoita dar moi bos resultados.

É recomendable dar a oportunidade aos alumnos para que fagan a súa propia **lectura en voz alta**. Así poderemos detectar posibles problemas de comprensión, si comprobamos que hai erros na pronunciación, non hai fluidez ou a entoación non é do todo correcta. Exercicios **gramaticais** poderán realizarse, no caso do Latín de Bachillerato, online en calquera das interesantes páxinas que hai na rede.

Os **xogos** son outro recurso didáctico a ter en conta. Algúns nos serven para repasar vocabulario ou latinismos. Hai numerosos recursos para traballar nas wikis e enlaces que se atopan dispoñibles en culturaclasica.com.

O **repaso en común** da unidade a través de presentacións proxectadas na aula resulta bastante proveitoso. Os tipos de exercicios suxeridos adoitan ser de completar ocos, identificar erros ou responder cuestións.

En Latín I continuaremos utilizando o sistema de gramática-tradución de frases sinxelas, pero aumentando as tarefas, actividades e exercicios, e tratando de reducir ao mínimo os contidos gramaticais. Para iso estamos elaborando textos de dificultade progresiva baseados nos vocabularios de cada tema, para facer unha pequena aproximación ao método inductivo. Incorporaremos a retroversión, xa que é un dos novos estándares do currículo, e trataremos de facer un achegamento á competencia oral a través de xogos, repaso do vocabulario, lectura en voz alta dos textos, exercicios orais de pregunta-resposta sobre os textos etc.

Método gramática-tradución.

En Latín de Bacharelato centrarán a primeira avaliación en combinar actividades de repaso da materia do curso anterior coa introdución de contidos novos e a adquisición de novas EA.

A estrutura dunha clase calquera de Latín II será:

1. Repaso do visto na clase anterior. Un alumno poderá explicalo oralmente aos demais.
2. Traballo e corrección de textos. Poderanse corrixir na pizarra, oralmente en conxunto, ou nas parellas de "titoría entre iguais".
3. Realización de novas tarefas para introducir contidos novos (etimoloxía, latinismos, literatura) ou repasar o xa explicado se é necesario, tamén cas estratexias descritas no punto 2.
4. Asignación dunha pequena tarefa de repaso ou de CE (tradución) para realizar en casa.

No ensino do Latín II, imos continuar, polo menos de momento, co método tradicional, baseado no sistema de gramática-tradución de textos sinxelos, pero aumentando as tarefas, actividades e exercicios de tradución dacordo co sistema actual da ABAU.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

7.1. LATÍN 4º ESO

Para a materia de Cultura Clásica o titular do Departamento empregará o libro de texto da editorial Santillana, ampliándoo coas actividades ou material que considere e se atean ao currículo; todo isto para acadar os obxectivos e EA pertinentes. Empregaremos:

- a) Presentacións en PPT para a presentación dos contidos novos con guías para que os alumnos tomen apuntamentos e realicen tarefas a partir deles.
- b) Fragmentos de documentais e películas con actividades guiadas.
- c) Artigos sobre temas monográficos para que os alumnos lean e fagan actividades relacionadas coa CE.
- d) Actividades de CO utilizando lecturas que fará o profesor, documentais ou conferencias.
- e) Actividades para que os alumnos fagan resumos, paráfrase ou relacionen contidos para avaliar a adquisición dos EA e a competencia en CL de EE.
- f) Materiais fotocopiados sobre os temas que se van a traballar en grupos.

Empregaremos outros moitos materiais que amplíen ou ilustren o estudo dos diferentes bloques de contidos (libros de lectura -será oportuno tamén que os alumnos/as se acheguen a textos orixinais-, fotocopias, dicionarios, mapas históricos, prensa e revistas -artigos sobre arqueoloxía-, xogos, etc. O profesor proporcionará material elaborado por el procedente de diversas fontes: numerosos manuais de distintas editoriais (edebé, rodeira, ecir, anaya, vicens vives, sm, xerais, etc), páxinas de Internet como culturaclasica.com, arthistoria.com, biografiasyvidas.com e outras que van aparecendo continuamente. Tamén poderemos empregar:

- Libros sobre aspectos diversos das civilizacións grega e romana, como *La vida cotidiana en Roma* de Flacelière o *Historia de los griegos* de Montanelli.
- Libros de relatos o novela sobre o mundo clásico, como *Jasón y los Argonautas*, *La Eneida*, *La Odisea*, *Guárdate de los Idus...* Farase lectura dun deles por trimestre. Dicionario de mitoloxía.
- Películas relacionados co mundo grecolatino, como *300*, *Helena de Troia*, *Aníbal* ou *Gladiator*; e documentais como a colección de *Mitos y leyendas*, outros sobre arte, formas de vida, achegas arqueolóxicas, etc. e como apoio ás lecturas de

A Ilíada e *A Odisea* así como aos contidos que se desenvolven nos distintos temas (marco xeográfico, relixión e mitoloxía, política, acontecementos bélicos, conquistas, filosofía, vida cotiá, etc.)

- Dicionarios etimolóxicos de latín e grego.
- Mapas históricos.
- Xogos tipo trivial, *De Rómulo a Remo*, *Veni, vidi, vici*, etc. con preguntas sobre o mundo clásico e de mitoloxía e latinismos.

7.2. BACHARELATO

Para a materia de Latín II o titular do Departamento empregará un caderno de aula de elaboración propia, intentará seguilo, ademais de ampliálo coas actividades ou material que considere; todo isto para acadar os obxectivos e EA pertinentes:

A este material poderemos engadir:

- dicionarios básicos de latín e grego.
- dicionarios etimolóxicos de latín (e grego).
- dicionarios de expresións latinas.
- dicionarios de topónimos.
- xogos con preguntas sobre o mundo clásico e de mitoloxía e latinismos.
- dicionarios de mitoloxía.
- libros de lectura relacionados co apartado de literatura latina (obras de teatro de Plauto, *A Eneida* de Virxilio, lírica de Catulo, etc.)

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

8.1 LATÍN 4º ESO

- PONDERACIÓN DOS DIFERENTES INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

% nota	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS
50%	PROBAS ESCRITAS	CCL-EE (12%) -CE (8%) /CAA (6%) /CMCCT (2%) / CCEC (5%)
20%	LECTURAS	CCL-CO (5%)
10%	OBSERVACIÓN NA AULA/ACTITUDE	CSC-CSIEE -TG (8%) / CCL-CE (7%) -EE (3%) /CCL-EO (5%) CAA (16%)

20%	TRABALLO DE INVESTIGACIÓN	CD (10%) / CSC-CSIEE-TG (6%) / CMCCT (2%) / CCEC (5%)
------------	----------------------------------	--

- PESO DAS COMPETENCIAS

ESTÁNDARES	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
50	40% EE (15%) CE (15%) EO (5%) CO (5%)	4%	10%	22%	10%	4%	10%	100

Para os **bloques de lingua** (que constitúen a parte fundamental da materia), haberá avaliación continua. Suporá o 90% da nota.

Haberá dúas probas escritas por avaliación, que faran media entre elas. A esta sumarase os restantes instrumentos de avaliación e conformaremos a correspondente nota.

A cualificación final farase coa suma da nota das tres avaliacións. O resultado dividirase entre tres e suporá o 100% da nota final. Dado que a avaliación vai ser continua, quen aprrobe unha avaliación superior terá aprobada a materia.

O segundo exame da terceira avaliación terá dous pesos diferentes:

- a) Fará media co primeiro exame deste terceiro trimestre e de acadar o aprobado aplicando os criterios de cualificación, o alumno terá aprobada a materia.
- b) No caso de que non se dé o suposto anterior, este exame tamén terá a consideración de final e terá aprobada igualmente a materia o alumno que aprrobe dito exame. Neste caso, a nota máxima da avaliación será un **5** (cinco puntos)

Terá a consideración de aprobado, aquela nota que sexa como mínimo de **5** (cinco puntos) sobre **10** (dez puntos).

En cada proba haberá cuestións relativas aos estándares dos temas do **Bloque 5** (Roma: historia, cultura e civilización) que correspondan, na que haberá algunha pregunta para desenvolver e/ou outras de resposta máis breve. Este apartado suporá un **10%**. De non aprobar esta parte, a materia deste bloque seguirá sendo "continua", é dicir, que na seguinte proba o alumno terase que examinar de ditos contidos.

En cada proba os alumnos terán a pertinente información sobre a puntuación e cualificación. Farase sempre a corrección na clase.

De non levar a cabo algún dos instrumentos de avaliación, o tanto por cento da nota deste instrumento sumarase a proba escrita.

IMPORTANTE: O feito de copiar nun exame, falar co compañeiro, aclarar cuestións en voz alta ou empregar outras técnicas que nos permita plasmar na proba escrita contidos no asimilados comportará un cero (cero puntos).

As probas escritas non poderán ser contestadas empregando lapis. O uso do lapis nun exame comportará a non corrección do mesmo, sendo a súa cualificación de cero puntos. Asimesmo, a realización dunha proba cunha presentación que dificulte a súa lectura e corrección (tachóns, letra ilexible...) será puntuada con cero puntos.

A resposta a un exercicio de tradución dando unicamente o resultado, sen o procedemento de análise morfosintáctica que levou a el, poderá ser considerado sen validez, a xuízo do profesor.

No suposto de que non se leve a cabo nalgún trimestre a realización do traballo de investigación, o 20% asignado a este instrumento sumaríase ao 50% da proba escrita. É dicir, nesa avaliación, a proba escrita terá un peso do 70%.

Farase unha observación sistemática das actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo. O profesor anotará no seu caderno, nas fichas individuais dos alumnos, todos os datos que posibiliten avaliar ese traballo persoal: control da realización das tarefas (sen copias de outros), participación na corrección de actividades, chamadas de clase... Esa observación sistemática será cualificada cun **5%**. Dúas intervencións negativas comportará un cero neste instrumento. Do mesmo xeito, ter un comportamento incívico na aula e amosar unha actitude contraria ao que debe ser o “aproveitamento dunha clase”, suporá tamén un cero neste instrumento (dúas chamadas á orde).

Coa fin de fomentar a lectura, farase un proba escrita ou oral por trimestre sobre a lectura de obras proposts (relacionados cos estándares avaliábeis da materia), adaptados ou non sobre a viaxe de Eneas, as *Metamorfosis* de Ovidio, os traballos de Hércules, etc.. Computará un 20%. O traballo de investigación pódese conmutar por un traballo máis profundo sobre algunha destas obras.

Os alumnos que non acaden o aprobado, examinaranse en xuño dun exame único: será una proba global de contidos mínimos. Terá a consideración de aprobado aquel exame que acade, como mínimo, a nota de 5 (cinco puntos). En todo caso, a nota da avaliación será como máximo de 5 (cinco puntos).

Os alumnos que teñan aprobada a materia desenvolverán durante este período exercicios relacionados co currículo que terán a consideración de actividades de ampliación. O alumno poderá engadir a súa nota ata 1 punto.

8.2 LATÍN II (BACHARELATO)

-PONDERACIÓN DOS DIFERENTES INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E DAS COMPETENCIAS CLAVE (LATÍN II)

% nota	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN DAS COMPETENCIAS
90%	PROBAS ESCRITAS	CCL-EE (10%) -CE (7%) / CAA (6%) / CMCCT (6%) / CCEC (10%)
5%	OBSERVACIÓN NA AULA/ACTITUDE	CSC-CSIEE -TG (4%) / CCL-CE (8%) -EE (2%) / CCL-EO (3%) -CO (3%) / CAA (10%)
5%	TRABALLO (INDIVIDUAL OU EN GRUPO) / AULA VIRTUAL...	CD (14%) / CSC-CSIEE-TG (3%) / CMCCT (2%) / CCEC (3%) / CCL-EE (3%) CAA (6%)

ESTÁNDARES	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
32	36% EE (15%) CE (15%) EO (3%) CO (3%)	8%	14%	22%	7%	-----	13%	100

Haberá por avaliación dúas probas escritas obxectivas nas que os alumnos/as haberán de responder con exactitude, claridade e pulcritude (sen erros, borróns, etc. podendo descontar ata 0,5 puntos) ás cuestións propostas. O número de cuestións tamén será variable e a puntuación, de cero (0) a dez (10) puntos, será proporcional ao número de cuestións. As actividades deberán quedar reflectidas nos cadernos dos alumnos co fin de poder ser revisadas polo profesor ao seu requirimento. Previamente, en función do tempo de que se dispoña, estas serán resoltas en clase polos alumnos con axuda do profesor e serán cualificadas.

As probas escritas terán unha estrutura semellante as da ABAU. A nota resultante, unha vez realizada a media entre elas, constituirá o **100% da cualificación deste instrumento**.

En cada proba os alumnos terán a pertinente información sobre a puntuación e cualificación. En todo caso, establécese como liña xeral que cada erro grave terá unha penalización de 0,25 puntos. Enténdese por erro grave cada un dos seguintes:

- Equivocarse no caso dunha palabra declinable.
- Non identificar correctamente a categoría dunha palabra (sustantivo, adverbio, etc.)
- Equivocarse de tempo verbal.
- Non identificar correctamente cada unha das funcións sintácticas.
- Non identificar unha estrutura correctamente (participio concertado, participio absoluto, xerundivo, etc.)
- Non indentificar correctamente as funcións sintácticas.
- Non identificar correctamente nexos subordinantes ou coordinantes.
- Fallos semánticos graves resultantes de non empregar correctamente o dicionario.
- Tradución incoherente coa mensaxe real do texto.
- Non respectar na tradución a sintaxe e a morfoloxía latina.

Outro tipo de erros terán a penalización de 0,15 puntos (sintaxe incompleta, fallos semánticos leves, etc.)

O feito de copiar nun exame comportará un **suspense** na avaliación correspondente.

As probas escritas non poderán ser contestadas empregando lapis. O uso do lapis nun exame comportará a non corrección do mesmo. A puntuación outorgada ás preguntas contestadas a lapis será cero.

A avaliación é continua (morfosintaxe, contidos de literatura, toponimia, latinismos e derivación). O alumno terá aprobada a materia cando supere unha avaliación superior, se a media das avaliacións é igual ou superior a cinco puntos (5) ou se aproba a última avaliación.

O alumno tamén terá aprobada a materia se aproba o segundo exame do terceiro trimestre, tendo este a consideración de final.

A estrutura da proba e a súa cualificación seguirá as pautas dos exames da ABAU (sempre que sexa posible, segundo os contidos explicados):

- Tradución dun texto: ata 4 puntos. Opción "A": Eutropio; opción "B": Fedro

- Análise morfolóxico ou sintáctico: ata 1 punto.
- Literatura: ata 2,5 puntos; haberá que responder a unha das dúas preguntas que se proboñan.
- Toponimia, latinismos e derivación: ata 2,5 puntos; haberá que responder a unha das tres que se plantexen.

Non se considerará aprobado con menos de cinco (5) puntos sobre dez.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

De acordo coas disposicións vixentes, a programación debe establecer medidas axeitadas para atender a diversidade e realizar as adaptacións curriculares oportunas para aqueles alumnos que o precisen.

Esta atención ás diferenzas individuais dos alumnos debe realizarse en diversos planos: na programación dos contidos e as actividades e na selección dos materiais. As actividades son un excelente instrumento de atención as diferenzas dos alumnos. En función do nivel de dificultade, por un lado, e do tipo de obxectivos que persigan, por outro, pódense adaptar a diversas capacidades, intereses e motivacións. Polo tanto, faremos ao longo do curso distincións entre distintos niveis de contidos e proporemos actividades graduadas segundo a dificultade que entrañan para o alumno e segundo a natureza da finalidade que pretenden alcanzar, administradas polo profesor de forma selectiva en función das necesidades do alumnado. Empregaremos un conxunto de actividades de reforzo ou de ampliación en función do nivel, que teñan por obxectivo ofrecer, precisamente, os recursos básicos para desenvolver diferentes estratexias de ensino e facilitar así que todos os alumnos e alumnas podan acadar o máximo desenvolvemento das competencias clave e os obxectivos da etapa.

- Grupos de reforzo

Para aqueles alumnos para os que se detectara a existencia de dificultades ou falta de base elaboraranse boletíns de actividades personalizados, segundo a ocasión o requira, con algún dos seguintes obxectivos:

- Adquirir a base ou o adestramento necesarios nos contidos previos que precisará o alumno para a unidade en curso.
- Reforzar a comprensión ou adestramento nalgúns contidos da unidade actual.

Estas actividades serán recollidas polo profesor, corrixidas e devoltas ó alumno ó tempo que se lle comentan os erros e se lle explican as cuestións nas que se lle detectaran carencias.

- Ampliación individualizada para alumnos con maiores expectativas

No caso da existencia dalgún alumno con maior capacidade e máis altas expectativas propoñeráselle, cando haxa ocasión, algunha actividade extra seleccionada para que supoña un reto á medida das expectativas do alumno. Estas actividades serán recollidas polo profesor, corrixidas e devoltas ó alumno ó tempo que se lle comenta calquera erro na resolución e se lle explica a resolución correcta.

- Adaptacións curriculares

Realizaranse adaptacións curriculares para aqueles alumnos que se estime conveniente na sesión de Avaliación Inicial ou máis adiante por acordo co equipo docente e o Departamento de Orientación. Non adoitamos ter ningunha adaptación significativa.

- Programa de Actividades de Reforzo para alumnos repetidores

Anque este curso non temos alumnos con materias pendientes, no caso de existir, a actuación sería a seguinte: empregaremos un conxunto de actividades en función do nivel, que teñan por obxectivo ofrecer, precisamente, os recursos básicos para desenvolver diferentes estratexias de ensino e facilitar así que todo o alumnado repetidor poda acadar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa sen “aburrirse” demasiado pola repetición de contidos ou de exercicios.

Rúbricas para avaliar o tratamento da diversidade

RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE INDIVIDUAL

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DIVERSIDADE NA CAPACIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se expoñen.	Seleccionar os estándares mínimos e expolos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades)	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan pór en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propor tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que lle permitan alcanzar os mínimos esixidos.	
DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN	Mostra un gran interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade.	
DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Atopa solucións aos problemas que se expoñen en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Atopa solucións aos problemas que se expoñen nalgunhas situacións.	Propor problemas cada vez con maior grao de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se expoñen.	Propor problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvendoas.	
DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propor tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propor algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propor actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE NO GRUPO

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DE INTERESE E MOTIVACIÓN	A comunicación docente-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.	
	A comunicación docente-grupo ten algunhas dificultades.	Propor estratexias para mellorar a comunicación.	
	A comunicación docente-grupo ten grandes dificultades.	Pescudar a causa das dificultades e propor medidas que as minimicen	
DE ACTITUDE E COLABORACIÓN	O grupo está motivado e ten gran interese.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propor estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.	
	O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Pescudar a causa da desmotivación e propor medidas que as minimicen.	
DE INTERESE E MOTIVACIÓN	O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propor actividades en grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.	
	O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Pescudar as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.	

10.PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O Departamento non conta este curso con alumnos con materias paendentes. Nembargantes, o titular do Departamento, cabe salientar, que é o coordinador de pendentos, dentro dos CP, cunha adiación semanal de dúas horas.

11.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

Alén disto, tamén son considerados elementos transversais a ter en conta tanto nas programacións docentes como no desenvolvemento das aulas os seguintes valores e conceptos:

Igualdade e respecto	<ul style="list-style-type: none">- Igualdade efectiva entre homes e mulleres- Prevención da violencia de xénero- Prevención da violencia contra persoas con discapacidade- Igualdade de trato e non discriminación- Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
	<ul style="list-style-type: none">- Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos persoal, familiar e social.- Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismopolítico, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, o respecto ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
	<ul style="list-style-type: none">- Evitación de comportamentos e de contidos sexistas- Evitación dos estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual transexual, transxénero e intersexual.
Emprendemento	<ul style="list-style-type: none">- Fomento das participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo, a confianza nun/nunha mesmo/a e o sentido crítico

Estes aspectos aparecen representados tanto nos contidos como nos textos e nas actividades. Non obstante, tamén son esenciais para o desenvolvemento do alumnado como cidadáns e cidadás plenamente conscientes dos seus dereitos e dos seus deberes e como individuos inseridos na nosa sociedade a presenza doutros elementos transversais non explicitados neste apartado do currículo, aínda que si forman parte, por exemplo, do deseño de competencias; así, tamén se aborda o tratamento da ecoloxía e o respecto polo medio, a educación dos/das consumidores/as, a educación para a saúde e a educación para o lecer.

Os temas transversais pretenden conseguir que os alumnos desenvolvan actitudes persoais que lles axuden a construír unha sociedade máis xusta.

A materia de Latín, xuntamente coa de Cultura Clásica, permite un achegamento ao mundo antigo no que xorden ou continúan sistemas sociais e políticos como democracia e escravitude. Isto establece unha boa base para a crítica dos alumnos. Os temas transversais e de educación en valores serán parte dos contidos e centrarán o enfoque dos comentarios. Tales temas desenvolveranse do modo seguinte:

Educación para a convivencia.

- Farase especial énfase nos elementos de parentesco entre as linguas romances.
- Irmandarase a consideración do castelán, catalán e galego entre se e o parentesco das linguas peninsulares coas outras linguas románicas.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.

Abordarase en perspectiva crítica a situación da muller na antigüidade e nos nosos días. Trátase de:

- Facer unha análise especial da muller e dos escravos e dos sistemas de educación grecorromanos.
- Recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Evitar formas, termos e expresións que denoten discriminación.
- Rexeitamento ante calquera situación de discriminación por razón de sexo.

Educación para a paz.

- A lectura de textos clásicos de filósofos, historiadores e poetas nos que se reflectan as repercusións sociais que a paz trae á sociedade e o coñecemento dos principais conflitos bélicos da antigüidade será o punto de partida para a reflexión.
- Analizar e recoñecer nos textos clásicos as achegas de personaxes de calquera ámbito do mundo clásico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de España e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.
- Valorarase a tolerancia, a pluralidade de crenzas, o papel do dereito e as leis e a convivencia das sociedades antigas.

Educación moral e cívica.

- Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para relacionarse cos demais.
- Reflexionar sobre o uso da lingua como medio para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e opinións alleos.
- Alcanzar un compromiso persoal para a conservación do patrimonio artístico, lingüístico e cultural.

Educación ambiental.

- Estudo das modificacións que o home provocou no seu ámbito para o seu desenvolvemento.
- Estudo dos hábitos alimenticios de gregos e romanos así como dos seus costumes referentes ao coidado do corpo e mente.
- Recoñecer e identificar na contorna restos arqueolóxicos que se relacionen coa cultura clásica.
- Comprometerse no mantemento e conservación de toda pegada do mundo clásico.

Educación para o lecer.

- Identificar en festas e espectáculos actuais a súa orixe grecolatina.
- Apreciar e valorar como un legado da civilización grecolatina a pervivencia de moitos deportes actuais e dos Xogos Olímpicos en particular.

En definitiva, preténdese que os alumnos recoñezan as situacións de discriminación de certas clases e grupos sociais, busquen e analicen as achegas dos autores antigos a favor da paz e da convivencia. Ademais engádese a necesidade de expresarse con liberdade respectando sempre a opinión dos demais e recoñecendo así o enriquecedor da diversidade.

12.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A actividade que propón este departamento para os alumnos que cursan as materias departamentales é a seguinte:

- Na 2ª Avaliación, no mes de marzo, en Lugo, enmarcadas nas Xornadas de Teatro Grecolatino celébranse representacións de comedias e traxedias clásicas dirixidas aos alumnos de secundaria. Propoñemos unha excursión dun día completo, porque, aínda que as funcións son polo serán, a mañá pode aproveitarse para coñecer o Lugo romano, percorrer as súas murallas, visitar as termas ou o pequeno museo da *Domus Oceani*, ou facer unha visita ao *Centro de Interpretación da Muralla*.

A preinscrición adoita realizarse no mes de novembro ou decembro, e normalmente supón uns 5 euros, prezo da entrada que inclúe un exemplar da obra. No mes de xaneiro remítese aos centros asistentes o libreto da obra de teatro seleccionada, para que o profesor implicado a traballe cos seus alumnos/as.

13.ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR.

Segundo o Decreto 133/2007, do 5 de xullo, que regula as ensinanzas de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia e di: " *A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na practica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos de etapa, de acordo co Proxecto Lector de Centro*", este departamento colaborará mediante as seguintes intervencións:

Nas materias de Latín promoverase o hábito da lectura individual ou colectiva durante todo o curso:

- cada novo tema cultural vai precedido por lecturas de textos clásicos ou actuais. O libro elixido ten textos moi variados: narracións, poemas, artigos, publicidade... Procuraremos axudar a desenvolver estratexias de comprensión lectora mediante a elaboración de resúmenes e críticas posteriores, ás veces en forma de debates orais.

- haberá algunha lectura obrigada escollida polo seu interese e apoiada con guías:
 - algún clásico: fragmentos das *Metamorfoses* de OVIDIO, algunha comedia de PLAUTO (*Anfitrión* ou *Os xemelgos* por exemplo) ou de ARISTÓFANES (*Lisístrata*, *As asembleístas*...). Pode aproveitarse o libriño da obra á que assistiremos que soe recibirse en xaneiro xunto coas entradas.
 - algún libriño con tema clásico - propónse un dos seguintes a elixir - *Naves Negras ante Troya* o *Las aventuras de Ulises*, *Los viajes de Eneas* en Clásicos Adaptados da Editorial Vicens-Vives; *La Eneida*, versión adaptada polo Grupo Galatea na Editorial Tilde; *La guerra de Troya* de R. GRAVES; *Cuentos y leyendas de los Juegos de Olimpia* de B. ÉVANO, de la colección Tus libros de Anaya; *Los mitos de los héroes* de L. De Crescenzo en Seix Barral, *Dafnis y Cloe* de Longo de Lesbos, edición de Cátedra, etc.
 - **Comics** de adaptacións da Guerra de Troia: *La Ilíada* de ROY THOMAS e MIGUEL ÁNGEL SEPÚLVEDA en Clásicos Ilustrados Marvel; ou *La Odisea*, de PÉREZ NAVARRO e MARTÍN SAURÍ en Norma Editorial.
 - **Comics** de tema romano: *Las águilas de Roma* –varios libros- de MARINI en Norma Editorial.

Poderase adicar algunha sesión ao descubrimento e uso da biblioteca do centro e todos os recursos de que poidamos dispor a traballos en grupo de procura de información ou ampliación de certos temas da materia que potencien as habilidades informativas do alumnado, educándoo no uso crítico da información obtida, sexa en soporte impreso ou en soporte electrónico.

14. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN TIC

Para contribuír ao segundo proxecto do centro -o **plan de integración nas TICs**- pretendemos un achegamento do alumnado ás fontes principais de información e a súa aplicación no proceso de aprendizaxe, especialmente todo o relativo ás novas tecnoloxías como instrumento insubstituíble para a busca de información específica sobre aspectos concretos do mundo antigo. O profesor amosará unha serie de páxinas web, ás que o alumnado pode dirixirse na súa busca e recompilación de datos. Non obstante, hai que ter en conta que a información ha de ser posta en relación cos coñecementos previos e que é necesaria certa capacidade de abstracción e de relación de conceptos para obter o máximo rendemento desta. Para desenvolver este plan traballaríanse as seguintes habilidades:

- Recollida de fontes (destacando a recollida de información en Internet) e análise de distintos tipos de fontes
- Comparación de fontes e análise de contradicións e diverxencias.
- Integración da información que proporcionan distintas fontes.
- Análise crítica da información e valoración de fontes: a súa utilidade; o seu obxectivo; grao de fiabilidade e manipulación.
- Realización das actividades dos CDs que acompañan aos libros de texto ou de actividades online, sempre que poidamos dispor dos medios informáticos.
- Aproveitar a web e a aula virtual do centro para propor cuestionarios e exercicios de todo tipo adaptados ás diversas aprendizaxes e dar novas relacionadas coas nosas materias.

15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Na materia de Cultura Clásica e Latín *as competencias sociais e cívicas* poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa, préstase sempre á valoración e comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Así, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

Así, por exemplo, a *educación para a saúde* é tratado con motivo do estudo das termas, a hixiene e o deporte na antiga Roma; a *educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos* é tratado con motivo do estudo da situación da muller romana; a *educación cívica e moral* é tratado ao estudar as distintas formas de pensamento filosófico e político da antiga Roma herdados da Grecia antiga, o tema da *sexualidade no mundo antigo* axudará a evitar os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a o *estudo da historia de Roma, do sistema escravista, as formas de goberno e as súas clases sociais* poderá aproveitarse para falar da xenofobia, a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, etc.

Porcurarásese:

- Fomentar o diálogo como forma de solución de diferenzas, mediante a análise de problemas históricos de enfrontamentos ocorridos en Roma.
- Resaltar aspectos de creatividade e iniciativa existentes entre os romanos e deducir consecuencias dos mesmos.
- Analizar e recoñecer nos textos as achegas de personaxes de calquera ámbito do mundo latino no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de Europa como mostra de convivencia entre pobos.
- Recoñecer en textos clásicos situacións de discriminación por razóns de sexo, sociais ou persoais e analizalos criticamente.
- Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.
- Deducir da postura dos romanos ante o universo, posicións de respecto ou desprezo ante a natureza e a contorna social.
- Analizar e comentar hábitos sociais dos romanos dentro do seu contexto histórico e confrontalos coas concepcións actuais.
- Espertar o interese pola cultura que Roma desenvolveu e legounos, subliñando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos.

A mellor forma de tratar estes temas é integrándoos nos contidos e nos estándares da materia. *As competencias sociais e cívicas* poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa, préstase sempre á valoración e comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Así, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

Así, por exemplo, a *educación para a saúde* é tratado con motivo do estudo do deporte na antiga Grecia; a *educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos* é tratado con motivo do estudo da situación da muller grega en Atenas; a *educación cívica e moral* é tratado ao estudar as distintas formas de pensamento filosófico e político da antiga Grecia, o tema da *sexualidade no mundo antigo*, nomeadamente as abertas costumes na Grecia clásica, axudarán a evitar os estereotipos que supoñan

discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a o *estudo da historia de Grecia, do sistema escravista, as formas de goberno e as súas clases sociais* poderá aproveitarse para falar da xenofobia, a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, etc.

Nas tres materias, os textos de contidos e de actividades coidarán a linguaxe de xénero. Ademais resaltarase a existencia de mulleres sobresalientes na historia clásica, incidindo especialmente na discriminación que as ocultou. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Nos contidos e actividades serase crítico cos costumes e institucións antigas acordes coa desigualdade – de sexo, social... -e prexuízos de calquera tipo.

16.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

16.1. Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

16.2. Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Servirémonos dunhas rúbricas para avaliar a planificación, a motivación do alumnado, o desenvolvemento do ensino e o seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

17. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

17.1. Mecanismo de revisión

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

A adecuada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciarán unha notábel mellora do traballo nas aulas. Porén, debemos ter en conta que materiais, metodoloxías, recursos, actividades etc. que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte, posto que o factor humano do alumnado e a súa diversidade xoga un papel determinante no noso traballo diario. Para tratar de paliar no mínimo estes inconvenientes debemos contar cun bo repertorio de materiais flexíbeis e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación / causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora. Todas Así, todas as reunións do Departamento incluírán o punto “**Consideracións sobre a Programación. Propostas para a revisión**”. Neste punto deixarase constancia de todo o que se queira que sexa tido en conta para a elaboración da sección “AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROPOSTAS PARA A REVISIÓN” da Memoria Final do Departamento, que será tida en conta no momento da elaboración da Programación do seguinte curso. Esta revisión serviría tamén para intentar sincronizar o seguimento da programación nos niveis nos que a mesma materia sexa impartida por máis dun profesor, caso que non é o noso.

Ó comezo de cada trimestre, o Departamento realizará unha previsión para cada curso sobre:

- As unidades didácticas que se traballarán e o número de sesións que se dedicarán a cada unha.
- O número de probas escritas que se realizarán e as unidades que entrarán en cada unha.

Posteriormente, unha vez ó mes realizarase un seguimento da Programación en reunión de departamento. En caso de detectarse algunha desviación significativa respecto ó previsto:

- ✓ Tomaranse as decisións oportunas para que o impacto na consecución dos obxectivos sexa o menor posible. Estas medidas poden incluír:
 - A eliminación para o presente curso dalgún contido dalgunha das unidades, ou reduci-lo ó mínimo necesario.
 - Reaxustar o número de sesións previstas para as unidades que quedan por traballar.
- ✓ Deixarase constancia das propostas de mellora no punto “Propostas para a revisión da programación” da Acta da reunión.

A final de curso, no momento da elaboración da Memoria Final do Departamento, e despois de ter en conta todas as consideracións e propostas das que se deixaron constancia nas Actas das reunións (nas seccións “Consideracións sobre a Programación. Propostas para a revisión”), realízase unha avaliación da Programación Didáctica e seguidamente redactarase a sección “PROPOSTAS PARA A REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O PRÓXIMO CURSO” da Memoria Final, que será consultada para a elaboración da Programación do curso seguinte.

Rúbrica para a revisión

PROPOSTA DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Docente:		Curso e grupo:	
	Aspectos a <u>manter</u> no próximo curso	Aspectos a <u>mellorar</u> no próximo curso	
• Cumprimento dos obxectivos xerais da programación			
• Desenvolvemento das unidades didácticas			
• Desenvolvemento das actividades programadas			
• Funcionamento das metodoloxías aplicadas			
• Utilización de recursos e materiais didácticos			
• Consecución dos estándares de aprendizaxe			
• Funcionamento dos procedementos de avaliación			
• Pertinencia dos instrumentos de avaliación			
• Eficacia das medidas de recuperación			
• Contribución ao desenvolvemento das competencias clave			
• Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa			
• Dinámica do grupo			
• Participación en actividades extraescolares e complementarias			
• Medidas de atención á diversidade			
• Favorecemento da multidisciplinariedade			
• Favorecemento do tratamento integrado de linguas			
• Factores que favoreceron o cumprimento da programación			
• Causas de non cumprimento da programación			

18. DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O alumnado será informado desde o primeiro momento dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, as competencias clave, e dos mínimos esixibles para obter unha valoración positiva de cada estándar, dos criterios de cualificación, así como dos procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van a utilizar.

Asemade, as familias serán informadas da hora semanal dedicada polo profesor a atendelas e informar aos pais do proceso de aprendizaxe do alumnado cando lle sexa solicitada unha entrevista.

A programación didáctica estará a disposición de alumnos e familias na propia Aula Virtual do Centro.

Vila de Cruces, 20 de setembro de 2022

Asdo: Nonito Rodríguez Iglesias
(Xefe do Dpto. de latín)

ANEXO: MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Tras la publicación de la *ORDEN de 27 de diciembre de 2022 de modificación de la Orden de 20 de mayo de 2022 por la que se aprueba el calendario escolar para el curso 2022/23 en los centros docentes sostenidos con fondos públicos en la Comunidad Autónoma de Galicia*, el Departamento de latín suprime los dos últimos párrafos del punto 8.1 de la programación didáctica de la etapa 4º de ESO:

- *“Os alumnos que non acaden o aprobado, examinaranse en xuño dun exame único: será unha proba global de contidos mínimos. Terá a consideración de aprobado aquel exame que acade, como mínimo, a nota de 5 (cinco puntos). En todo caso, a nota da avaliación será como máximo de 5 (cinco puntos).”*
- *“Os alumnos que teñan aprobada a materia desenvolverán durante este período exercicios relacionados co currículo que terán a consideración de actividades de ampliación. O alumno poderá engadir a súa nota ata 1 punto.”*

Asimismo, se añade de la citada orden el párrafo siguiente:

“La sesión de la tercera evaluación parcial de la educación secundaria obligatoria deberá coincidir con la sesión de evaluación final.”

Tal adenda invita a modificar los criterios de evaluación y/o calificación, pero dado el sistema de evaluación continua y teniendo en cuenta que el último examen de la 3ª evaluación tiene la consideración de final, el Departamento no implanta cambios en este aspecto no observando además la necesidad de realizar más pruebas de recuperación. No obstante, dado el carácter flexible de toda programación, el Departamento, y únicamente a su juicio, no descarta categóricamente la realización de una prueba final antes de la sesión de la 3ª evaluación/final que, en todo caso, sería global y tendría la calificación máxima de cinco puntos (5).